

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

20635 *LEI ORGÁNICA 14/2007, do 30 de novembro, de reforma do Estatuto de autonomía de Castilla y León.* («BOE» 288, do 1-12-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno das Cortes de Castilla y León, na súa sesión do día 23 de xuño de 2005, aprobou unha resolución, consecuencia do debate sobre política xeral da comunidade, pola que se manifestaba a vontade de elaborar un estudo proposto para unha posible reforma do Estatuto da Comunidade de Castilla y León.

En cumprimento da vontade manifestada pola Cámara, créase o día 7 de abril de 2006 unha Comisión Non Permanente para o Estudo da Reforma do Estatuto de autonomía, encargada da elaboración dun informe sobre a oportunidade da citada reforma e os seus posibles contidos.

A formulación desta proposta de reforma é froito das conclusións contidas no informe da devandita comisión, e na súa elaboración tivéronse moi presentes as distintas achegas realizadas ante esta desde diversos ámbitos da sociedade de Castilla y León.

En conclusión, coa proposta normativa que agora se presenta, materialízase a vontade manifestada pola sociedade de Castilla y León de acometer a actualización da norma institucional básica da comunidade, afondando no noso autogoberno.

Artigo único.

O Estatuto de autonomía de Castilla y León, aprobado pola Lei orgánica 4/1983, do 25 de febreiro, e que foi reformado pola Lei orgánica 11/1994, do 24 de marzo, e pola Lei orgánica 4/1999, do 8 de xaneiro, pasa a quedar redactado nos seguintes termos:

ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE CASTILLA Y LEÓN

PREÁMBULO

A Comunidade Autónoma de Castilla y León xorde da moderna unión dos territorios históricos que compoñían e deron nome ás antigas coroas de León e Castela.

Hai mil cen anos constituíuse o Reino de León, do cal se desmembraron en calidade de reinos ao longo do século IX e X os de Castela e Galicia e, en 1143, o de Por-

tugal. Durante estas dúas centurias os monarcas que desempeñaron o goberno destas terras alcanzaron a dignidade de emperadores, tal e como testemuñan as intitucións de Afonso VI e Afonso VII.

O proceso de colonización do Val do Douro durante os séculos IX e X, e o desenvolvemento da vida urbana ao longo do Camiño de Santiago e a Vía da Prata neste mesmo tempo constituíron feitos históricos que definen a nosa configuración xeográfica, cultural e social.

Xa daquela, leoneses e casteláns ofreceron ao mundo exemplos de respecto e convivencia entre as culturas diversas que poboaban estas terras, exemplos afianzados a miúdo nos foros leoneses e nos costumes e fazañas casteláns. Xa daquela se puxeron os primeiros alicerces da futura organización municipal, con documentos como o Foro ou Carta Puebla de Brañósera (século IX), que se pode considerar con orgullo como o municipio máis antigo de España. Xa entón brillou con luz propia a defensa das liberdades, cando en 1188 se celebraron en León as primeiras Cortes da historia de Europa en que participa o estamento cidadán e en que se documenta, como pacto entre o monarca e os estamentos, o recoñecemento de liberdades aos súbditos dun reino, creando un precedente que tivo máis tarde a súa continuidade nas Sete Partidas do Rei Afonso X «o Sabio» (1265) e que hoxe, en esencia, pervive nas actuais Cortes autonómicas.

Con anterioridade rexístranse as pegadas máis primitivas do castelán: as lousas visigodas de Ávila e Salamanca testemuñan a preformación da súa estrutura sintáctica e os primeiros testemuños escritos aparecen no Becerro Gótico de Valpuesta (Burgos) e na «Nodicia de Kesos» do mosteiro leonés dos santos Xusto e Pastor de Rozuela (León).

Tamén nas terras leonesas e castelás se puxeron en pé as primeiras universidades de España. Valladolid e Salamanca rivalizan na honra de ser a máis antiga. A primeira, pois considérase herdeira do Estudo Xeral que Afonso VIII de Castela creou en Palencia en 1208. A segunda, porque á súa fundación se remonta a 1218, por obra de Afonso IX de León.

A partir da unión definitiva dos Reinos de León e de Castela, acontecida en 1230 baixo o reinado de Fernando III, a Coroa de Castela e León contribuirá decisivamente á conformación do que máis tarde será España, e embarcarse en empresas de transcendencia universal, como o descubrimento de América en 1492.

Destas terras xurdiu o clamor que, en 1520, coa formación da Xunta Santa de Ávila, se alzou en defensa dos foros e liberdades do Reino fronte á centralización do poder en mans da Coroa que encarnaba Carlos I. Se en Villalar (23 de abril de 1521) a sorte das armas lles foi adversa aos comuneiros, non aconteceu así cos seus ideais, que poden ser considerados precursores das grandes revolucións liberais europeas. Como homenaxe a ese movemento o 23 de abril é hoxe a festa oficial da comunidade autónoma.

Destas terras xurdiu tamén a grande achega á humanidade que supuxo a Escola do Dereito de Xentes de Salamanca, onde destacaron nomes como Suárez ou Vitoria. E nestas terras, Bartolomé de las Casas defendeu a dignidade dos indíxenas do Novo Mundo na célebre «Controversia de Valladolid» (1550-1551).

Nestas terras naceron ou pasaron unha parte importante das súas vidas homes e mulleres que contribuíron á formación da cultura hispánica. Cultura, humanismo e configuración institucional que despois do descubrimento se implantou en América. O Tratado de Tordesillas, ademais de trazar a liña de demarcación clara e precisa para a presenza da Coroa de Castela e León, primeiro, e de España, despois, no Novo Mundo, impulsou o modelo de organización municipal como fundamento da vida cidadá e a Audiencia como órgano xudicial e de goberno, implantada por primeira vez en Santo Domingo (1510).

Castilla y León é unha comunidade rica en territorios e xentes, configurada por casteláns e leoneses; respectuosa coa pluralidade que a integra e defensora da convivencia que a enriquece desde o seu mesmo nacemento.

Comunidade histórica e cultural recoñecida, Castilla y León forxou un espazo de encontro, diálogo e respecto entre as realidades que a conforman e a definen. A súa personalidade, afianzada sobre valores universais, contribuíu de modo decisivo ao longo dos séculos á formación de España como nación e foi un importante nexos de unión entre Europa e América.

O seu autogoberno fundaméntase na Constitución de 1978, así como nos dereitos que, no marco desta, amparan os territorios dentro de España e no escenario europeo.

O Estatuto de autonomía de Castilla y León, promulgado pola Lei orgánica 4/1983, do 25 de febreiro, foi froito do consenso das principais forzas políticas castelás e leonesas, e supuxo o establecemento dun sistema de autogoberno que facía uso do dereito á autonomía que recoñece a Constitución española. Desde a súa aprobación, o estatuto demostrou a súa utilidade para o desenvolvemento do autogoberno da comunidade.

Foi reformado en dúas ocasións. A primeira, en 1994, consistiu basicamente nun incremento significativo das competencias da comunidade. A segunda produciuse en 1999 e, ademais de ampliar o nivel competencial de Castilla y León, supuxo a creación ou inclusión no estatuto de novas institucións ao servizo do autogoberno.

Estas dúas reformas supuxeron avances importantes para remediar insuficiencias, limitacións e diferenzas que existían con outros estatutos que no seu arranque seguiron a vía privilexiada do artigo 151 da Constitución. Con elas sóubose adaptar o estatuto ás novas e cambiantes realidades, ao tempo que serviron de canle á ampliación do marco competencial e institucional da comunidade, equiparándoa coas restantes comunidades autónomas de España en canto ao grao e á calidade da súa autonomía política.

Tanto a aprobación inicial do estatuto, como as súas posteriores reformas contaron co apoio dun amplísimo consenso político. Este trazo é o que permite afirmar que o estatuto é a norma fundamental en que teñen cabida todos os cidadáns de Castela e León. E foi un instrumento de innegable progreso para os leoneses e os casteláns, demostrando así a súa validez e efectividade.

Chegou o momento de propoñer unha nova reforma tan oportuna como necesaria. Oportuna porque nos permite afondar no proxecto de comunidade aproveitando todas as nosas potencialidades e adaptarnos ás novas realidades dunha sociedade dinámica, cambiante e diferente á do ano 1983 en que se aprobou o Estatuto de autonomía. Necesaria, porque o proxecto histórico que nace coa reforma do estatuto débenos permitir afrontar con garantías os retos dun tempo novo, definido polos profundos cambios xeopolíticos, sociais, económicos, cultu-

rais e tecnolóxicos acontecidos no mundo e pola posición de España nese contexto.

O que agora se pretende é levar a cabo unha reforma que nos permita dispoñer dun estatuto que, dentro do marco constitucional, alcance o seu máis alto nivel. Por iso, introdúcense disposicións que afondan e perfeccionan os instrumentos de autogoberno, incorpóranse novas competencias que é necesario que veñan acompañadas dun financiamento axeitado, mellórase o funcionamento institucional, recoñécense dereitos sociais de cidadáns de Castilla y León, que quedan así mellor protexidos, e consolidáanse espazos competenciais abertos ao futuro.

A través desta reforma, o Estatuto de autonomía asume a experiencia institucional acumulada desde a creación da comunidade autónoma e pon a servizo das persoas. O título I, de nova factura, inclúe un catálogo de dereitos dos casteláns e leoneses e define os principais obxectivos da acción política da comunidade, dando corpo xurídico á idea dun estatuto de autonomía que se define non só como norma institucional básica, senón tamén como garante dos dereitos e do benestar dos cidadáns.

O estatuto incorpora tamén disposicións dirixidas a mellorar o funcionamento institucional e a afondar na autonomía política de Castilla y León dentro do marco constitucional. O título II regula de forma máis completa os mecanismos básicos do réxime parlamentario e introduce un novo capítulo, consagrado ao Poder Xudicial na comunidade.

O novo título III recolle a organización territorial, ofrecendo un marco xeral para o desenvolvemento da autonomía dos municipios, provincias e demais entes locais. Neste sentido, o estatuto recoñece a pluralidade e a singularidade dos seus territorios, entre os que se atopan realidades como a comarca do Bierzo cunha prolongada traxectoria institucional. O título IV, tamén de nova incorporación, regula con maior precisión as relacións de cooperación co Estado e as demais comunidades autónomas, presididas polos principios de solidariedade e lealdade institucional, e sitúa a comunidade en Europa e no mundo. O título V adapta o nivel competencial da comunidade ampliándoo, consolidándoo e perfilando con precisión algunhas das materias máis sensibles, como a educación, a sanidade, a seguranza ou a xestión da auga. O título VI recolle as normas básicas dirixidas a posibilitar que a comunidade dispoña dos recursos suficientes para garantir que os casteláns e leoneses reciban uns servizos públicos equiparables aos do conxunto do Estado. Por último, o título VII formula o procedemento de reforma do Estatuto como o acordo de dúas vontades representadas, respectivamente, polas Cortes de Castilla y León e polas Cortes Xerais.

Este estatuto pon, así, en mans dos cidadáns e das institucións de Castilla y León os instrumentos precisos para que o progreso social, cultural e económico da comunidade siga facéndose realidade nos anos vindeiros.

Por todo iso, o pobo de Castilla y León representado nas súas Cortes propuxo, e as Cortes Xerais aprobaron, este Estatuto de autonomía de Castilla y León.

TÍTULO PRELIMINAR

A Comunidade de Castilla y León

Artigo 1. *Disposicións xerais.*

1. Castilla y León é unha comunidade histórica e cultural que ten a súa orixe nos antigos Reinos de León e de Castela, contribuíu de modo decisivo á formación de España como nación, exerce o seu dereito ao autogoberno e constitúese en comunidade autónoma no marco da Constitución e deste estatuto de autonomía.

2. A Comunidade de Castilla y León, como rexión de Europa, asume os valores da Unión Europea e vela polo cumprimento dos seus obxectivos e pola defensa dos dereitos recoñecidos no ordenamento xurídico europeo.

Artigo 2. *Ámbito territorial.*

O territorio da Comunidade de Castilla y León comprende o dos municipios integrados nas actuais provincias de Ávila, Burgos, León, Palencia, Salamanca, Segovia, Soria, Valladolid e Zamora.

Artigo 3. *Sede.*

1. Unha lei das Cortes de Castilla y León, aprobada por maioría de dous terzos, fixará a sede ou sedes das institucións básicas da comunidade.

2. A Xunta de Castilla y León determinará a situación dos organismos ou servizos da Administración da comunidade, atendendo a criterios de descentralización, eficacia e coordinación de funcións e á tradición histórico-cultural.

Artigo 4. *Valores esenciais.*

A lingua castelá e o patrimonio histórico, artístico e natural son valores esenciais para a identidade da Comunidade de Castilla y León e serán obxecto de especial protección e apoio, para o que se fomentará a creación de entidades que atendan ao devandito fin.

Artigo 5. *A lingua castelá e o resto do patrimonio lingüístico da comunidade.*

1. O castelán forma parte do acervo histórico e cultural máis valioso da comunidade, estendido a todo o territorio nacional e a moitos outros Estados. A Xunta de Castilla y León fomentará o uso correcto do castelán nos ámbitos educativo, administrativo e cultural.

Así mesmo, promoverá a súa aprendizaxe no ámbito internacional especialmente en colaboración coas universidades da comunidade, para o cal poderá adoptar as medidas que considere oportunas.

2. O leonés será obxecto de protección específica por parte das institucións polo seu particular valor dentro do patrimonio lingüístico da comunidade. A súa protección, uso e promoción serán obxecto de regulación.

3. Gozará de respecto e protección a lingua galega nos lugares en que habitualmente se utilice.

Artigo 6. *Símbolos da comunidade e festa oficial.*

1. Os símbolos de identidade exclusiva da Comunidade de Castilla y León son o brasón, a bandeira, o pendón e o himno de Castilla y León.

2. A festa oficial da comunidade é o 23 de abril.

3. O brasón de Castilla y León é un escudo timbrado por coroa real aberta, escauartelado en cruz ou contraescauartelado. O primeiro e cuarto cuarteis: en campo de goles, un castelo de ouro ameado de tres ameas, mazonado de sabre e aclarado de azur. O segundo e terceiro cuarteis: en campo de prata, un león rampante de púrpura, linguado, uñado e armado de goles, coroado de ouro.

4. A bandeira de Castilla y León é cuartelada e contén os símbolos de Castela y León, conforme se describiu no punto anterior. A bandeira ondeará en todos os centros e actos oficiais da comunidade, á dereita da bandeira española.

5. O pendón virá constituído polo escudo cuartelado sobre un fondo carmesí tradicional.

6. Cada provincia e municipio conservarán as bandeiras e emblemas que lles son tradicionais.

7. O himno e os demais símbolos da Comunidade de Castilla y León regularanse mediante lei específica.

8. A protección xurídica dos símbolos de Castilla y León é a que corresponde aos símbolos do Estado.

TÍTULO I

Dereitos e principios reitores

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 7. *Ámbito persoal.*

1. Para os efectos deste estatuto, teñen a condición política de cidadáns de Castilla y León todos os españois que, de acordo coas leis do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios integrados no territorio da comunidade.

2. Gozarán dos dereitos de participación nos asuntos públicos definidos no artigo 11 deste estatuto, como cidadáns de Castilla y León, os españois residentes no estranxeiro que tivesen a última veciñanza administrativa en Castilla y León e acrediten esta condición na forma prevista na lexislación estatal. Igualmente gozarán destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitasen, na forma que determine a lei do Estado.

Artigo 8. *Dereitos e deberes dos cidadáns de Castilla y León.*

1. Os cidadáns de Castilla y León teñen os dereitos e deberes establecidos na Constitución española, nos tratados internacionais sobre dereitos humanos ratificados por España, no ordenamento da Unión Europea, así como os establecidos no ámbito da comunidade autónoma por este estatuto de autonomía.

2. Correspóndelles aos poderes públicos de Castilla y León promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os casteláns e leoneses na vida política, económica, cultural e social.

3. Os dereitos e principios deste título non suporán unha alteración do réxime de distribución de competencias, nin a creación de títulos competenciales novos ou a modificación dos xa existentes. Ningunha das disposicións deste título pode ser desenvolvida, aplicada ou interpretada de forma que reduza ou limite os dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución e polos tratados e convenios internacionais ratificados por España.

Artigo 9. *Casteláns e leoneses no exterior.*

1. Os cidadáns oriúndos ou procedentes de Castilla y León que residan noutras comunidades autónomas de España ou fóra do territorio nacional, así como as súas asociacións e centros sociais, terán o recoñecemento da súa orixe ou procedencia e o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural de Castilla y León.

2. Sen prexuízo das competencias do Estado, unha lei das Cortes de Castilla y León regulará o alcance e o contido deste recoñecemento.

3. Para facilitar o anteriormente disposto, a Comunidade de Castilla y León poderá subscribir convenios con outras comunidades autónomas e solicitar do Estado que se adopten as previsións oportunas nos tratados e convenios internacionais que se celebren.

Artigo 10. *Dereitos dos estranxeiros.*

1. No marco da Constitución e da lexislación estatal aplicable, os dereitos que este Estatuto lles recoñece aos cidadáns de Castilla y León estenderanse aos estranxeiros con veciñanza administrativa na comunidade nos termos que establezan as leis que os desenvolvan.

2. Os poderes públicos da comunidade promoverán a integración social, económica, laboral e cultural dos inmigrantes na sociedade de Castilla y León.

CAPÍTULO II

Dereitos dos casteláns e leoneses

Artigo 11. *Dereitos de participación nos asuntos públicos.*

1. Os cidadáns de Castilla y León teñen dereito a participar nos asuntos públicos da comunidade directamente ou mediante a elección de representantes, nos termos establecidos na Constitución, neste estatuto e nas leis.

2. Os cidadáns de Castilla y León teñen dereito a ser electores e elixibles nas eleccións lexislativas autonómicas nas condicións e cos requisitos que sinalen as leis.

3. A lei promoverá a igualdade efectiva das mulleres e dos homes no acceso aos mandatos representativos autonómicos.

4. Os cidadáns de Castilla y León teñen dereito a presentar iniciativas lexislativas ante as Cortes de Castilla y León nos termos que establezan as leis.

5. Os cidadáns de Castilla y León teñen dereito a promover a convocatoria de consultas populares, relativas a decisións políticas que sexan competencia da comunidade, nas condicións e cos requisitos que sinalen as leis, respectando o disposto no artigo 149.1.32.^a da Constitución española.

6. Todas as persoas teñen o dereito a dirixir peticións ás institucións e ás administracións públicas da comunidade, así como aos entes que dependan destas, en relación con asuntos que sexan da súa competencia.

Artigo 12. *Dereito a unha boa Administración.*

A lei garantirá os seguintes dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración autonómica:

a) A recibir información abonda sobre os servizos e prestacións a que poden acceder e sobre as condicións do acceso a estes.

b) A un tratamento imparcial e obxectivo dos asuntos que lles concirnan e á resolución destes nun prazo razoable.

c) Ao acceso aos arquivos e rexistros administrativos, aos documentos das institucións e administracións públicas de Castilla y León, e á información administrativa, coas excepcións que legalmente se establezan.

d) Á protección dos datos persoais contidos en ficheiros dependentes da Administración autonómica, garantíndose o acceso a estes datos, ao seu exame e a obter, se é o caso, a corrección e a cancelación destes. Mediante lei das Cortes poderase crear a Axencia de Protección de Datos da Comunidade de Castilla y León para velar polo respecto destes dereitos no marco da lexislación estatal aplicable.

e) Ao acceso en condicións de igualdade e con pleno respecto aos principios constitucionais de mérito e capacidade aos empregos públicos na Administración autonómica e nos entes dela dependentes.

f) A formular queixas sobre o funcionamento dos servizos públicos.

Artigo 13. *Dereitos sociais.*

1. Dereito á educación. Todas as persoas teñen dereito a unha educación pública de calidade nun ámbito escolar que favoreza a súa formación integral e á igualdade de oportunidades no acceso a esta. Os poderes públicos da comunidade garantirán a gratuidade do ensino nos niveis educativos obrigatorios e naqueles en que se determine por lei. Así mesmo, establecerán un sistema de bolsas e axudas ao estudo para garantir o acceso aos restantes niveis educativos de todas as persoas en función dos seus recursos e aptitudes.

As persoas con necesidades educativas especiais teñen dereito a recibir o apoio dos poderes públicos da comunidade para acceder á educación de acordo co que determinen as leis. Recoñécese o dereito de todas as persoas adultas á educación permanente, nos termos que legalmente se establezan.

2. Dereito á saúde. Todas as persoas teñen dereito á protección integral da súa saúde, e os poderes públicos da comunidade velarán para que este dereito sexa efectivo.

Os cidadáns de Castilla y León terán garantido o acceso, en condicións de igualdade, aos servizos sanitarios da comunidade nos termos que a lei determine. Así mesmo, serán informados sobre os servizos que o sistema de saúde preste.

Estableceranse legalmente os dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario, e entre eles os seguintes:

a) Á intimidade e confidencialidade relativas á propia saúde, así como o acceso á súa historia clínica.

b) Á regulación de prazos para que lles sexa aplicado un tratamento.

c) Ao respecto ás súas preferencias no que concirne a médico e centro.

d) A solicitar unha segunda opinión médica cando así se solicite.

e) A ser suficientemente informado antes de dar o seu consentimento aos tratamentos médicos ou a manifestar, se é o caso, instrucións previas sobre estes.

f) A recibir tratamentos e coidados paliativos axeitados.

As persoas con enfermidade mental, as que padezan enfermidades crónicas e invalidantes e as que pertencen a grupos específicos recoñecidos sanitariamente como de risco terán dereito a actuacións e programas sanitarios especiais e preferentes.

3. Dereito de acceso aos servizos sociais. Os cidadáns de Castilla y León teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ao Sistema de Acción Social de Castilla y León e a recibir información sobre as prestacións da rede de servizos sociais de responsabilidade pública.

4. Dereitos laborais. Os cidadáns de Castilla y León teñen dereito a acceder en condicións de igualdade e de modo gratuíto ao Servizo Público de Emprego de Castilla y León. Os traballadores teñen dereito a se formar e se promover profesionalmente e a exercer as súas tarefas de modo que se lles garanta a saúde, a seguranza e a dignidade.

5. Dereitos das persoas maiores. As administracións públicas de Castilla y León velarán para que as persoas maiores non sexan discriminadas en ningún ámbito da súa existencia e garantirán os seus dereitos, en particular, a protección xurídica e da saúde, o acceso a un aloxamento axeitado, á cultura e ao ocio, e o dereito de participación pública e de asociación.

6. Dereitos das persoas menores de idade. Os menores teñen dereito a recibir das administracións públicas de Castilla y León, con prioridade orzamentaria, a atención integral necesaria para o desenvolvemento da súa personalidade e o seu benestar no contexto familiar e social, nos termos que se determinen normativamente.

7. Dereitos das persoas en situación de dependencia e das súas familias. Os casteláns e leoneses que se atopan en situación de dependencia teñen dereito ás prestacións públicas necesarias para asegurar a súa autonomía persoal, a súa integración socioprofesional e a súa participación na vida social da comunidade. As familias con persoas dependentes ao seu cargo teñen dereito ás axudas das administracións públicas da comunidade nos termos que determine a lei.

8. Dereitos das persoas con discapacidade. As persoas de Castilla y León con algún grao de discapacidade teñen dereito á igualdade de trato e de oportunidades, á accesibilidade en calquera ámbito da súa vida, así como ás axudas públicas necesarias para facilitar a súa plena integración educativa, laboral e social. Mediante lei asegurárase a supresión de barreiras nos espazos e dependencias de uso público e no transporte público colectivo de pasaxeiros. A lei reconecerá, así mesmo, a participación das persoas con discapacidade na definición das políticas que os afecten a través das asociacións representativas dos seus intereses.

Os poderes públicos promoverán o uso da lingua de signos española das persoas xordas, que deberá ser obxecto de ensino, protección e respecto. Ademais, implementárase a utilización polas administracións públicas da comunidade dos sistemas que lles permitan a comunicación aos discapacitados sensoriais.

9. Dereito a unha renda garantida de cidadanía. Os cidadáns de Castilla y León que se atopan en situación de exclusión social teñen dereito a acceder a unha renda garantida de cidadanía. O ordenamento da comunidade determinará as condicións para o disfrute desta prestación. Os poderes públicos promoverán a integración social destas persoas en situación de exclusión.

10. Dereitos á cultura e ao patrimonio. Todos os casteláns e leoneses teñen dereito, en condicións de igualdade, a acceder á cultura e ao desenvolvemento das súas capacidades creativas individuais e colectivas.

Artigo 14. Dereito á non-discriminación por razón de xénero.

1. Prohíbese calquera discriminación de xénero ou orientación sexual, xa sexa directa ou indirecta.

2. Os poderes públicos de Castilla y León garantirán a transversalidade do principio de igualdade de xénero en todas as súas políticas, promovendo accións positivas para lograr a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sobre todo nos ámbitos educativo, económico, laboral, na vida pública, no medio rural, en relación coa saúde e cos colectivos de mulleres en situación de necesidade especial, particularmente as vítimas de violencia de xénero.

CAPÍTULO III

Deberes dos casteláns e leoneses

Artigo 15. Deberes.

Os cidadáns de Castilla y León, segundo o establecido no artigo 8 deste estatuto, terán o deber de:

- Contribuír ao sostemento do gasto público de acordo coa súa capacidade económica.
- Conservar e protexer o ambiente e facer un uso responsable dos recursos naturais.
- Colaborar nas situacións de catástrofes e emerxencia.
- Respectar, coidar e protexer o patrimonio cultural.
- Facer un uso responsable e solidario dos bens e servizos públicos.
- Calquera outro que se estableza por lei das Cortes.

CAPÍTULO IV

Principios reitores das políticas públicas de Castilla y León

Artigo 16. Principios reitores das políticas públicas.

Os poderes públicos de Castilla y León deben orientar as súas actuacións de acordo cos principios reitores que establecen a Constitución e este estatuto. No exercicio das súas competencias deben promover e adoptar as medidas necesarias para garantir a plena eficacia dos seguintes obxectivos:

- A prestación duns servizos públicos de calidade.
- O crecemento económico sustentable, orientado á cohesión social e territorial e á potenciación e aproveitamento pleno dos recursos da comunidade para mellorar a calidade de vida dos casteláns e leoneses.
- A creación de emprego estable e de calidade, a garantía da seguranza e saúde laboral dos traballadores, así como da súa formación permanente.
- O fomento do diálogo social como factor de cohesión social e progreso económico, reconecendo o papel dos sindicatos e organizacións empresariais como representantes dos intereses económicos e sociais que lles son propios, a través dos marcos institucionais permanentes de encontro entre a Xunta de Castilla y León e os devanditos axentes sociais. Para iso poderase regular un Consello do Diálogo Social en Castilla y León.
- O desenvolvemento de todas as formas de actividade empresarial, con especial atención á pequena e mediana empresa e aos emprendedores autónomos, e o fomento das iniciativas da economía social, especialmente ao cooperativismo e a súa promoción.
- A promoción e o fomento da investigación científica, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica como prioridade estratéxica para garantir o progreso social e económico da comunidade.
- A proxección exterior das empresas de Castilla y León, reconecendo o papel das cámaras de comercio neste ámbito.
- O exercicio efectivo do dereito dos cidadáns de Castilla y León a vivir e traballar na súa propia terra, creando as condicións que favorezan o retorno dos que viven no exterior e o seu reagrupamento familiar.
- A loita contra a despoboación, articulando as medidas de carácter institucional, económico, industrial e social que sexan necesarias para fixar, integrar, incrementar e atraer poboación.
- A modernización e o desenvolvemento integral das zonas rurais de Castilla y León, dotándoas de infraestruturas e servizos públicos suficientes.
- O apoio aos sectores agrícola, gandeiro e agroalimentario da comunidade mediante o desenvolvemento tecnolóxico e biotecnolóxico, co fin de mellorar a súa competitividade.
- A plena integración dos mozos na vida pública e na sociedade, facilitando a súa autonomía, en especial mediante o acceso á formación, ao emprego e á vivenda.
- A protección integral das distintas modalidades de familia, garantíndose a igualdade de trato entre estas, favorecendo a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a información, formación e orientación das familias e a atención ás familias con necesidades especiais.
- O acceso en condicións de igualdade de todos os casteláns e leoneses a unha vivenda digna mediante a xeración de solo e a promoción de vivenda pública e de vivenda protexida, con especial atención aos grupos sociais en desvantaxe.
- A garantía efectiva do dereito de todos os casteláns e leoneses a vivir nun ambiente ecoloxicamente equilibrado e saudable, impulsando a compatibilidade

entre a actividade económica e a calidade ambiental co fin de contribuír a un desenvolvemento sustentable.

16. A protección dos consumidores e usuarios, que inclúe o dereito á protección da saúde e a seguranza e dos seus lexítimos intereses económicos e sociais.

17. A protección e difusión da riqueza cultural e patrimonial da comunidade, favorecendo a creación artística en todas as súas manifestacións e garantindo a igualdade de oportunidades de todos os cidadáns no acceso á cultura. Os poderes públicos de Castilla y León desenvolverán actuacións tendentes ao retorno á comunidade dos bens integrantes do seu patrimonio cultural que se atopan fóra do seu territorio.

18. O fomento da presenza cultural, económica e social de Castilla y León no exterior.

19. A promoción dun sistema educativo de calidade, aberto, plural e participativo, que forme nos valores constitucionais.

20. O apoio ás universidades de Castilla y León e o estímulo á excelencia na súa actividade docente e investigadora.

21. A plena incorporación de Castilla y León á sociedade do coñecemento, velando polo desenvolvemento equilibrado das infraestruturas tecnolóxicas en todo o seu territorio e garantindo a igualdade de oportunidades de todas as persoas no acceso á formación e ao uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

22. A garantía do dereito dos cidadáns a recibir unha información plural e veraz, desde o recoñecemento do papel dos medios de comunicación na formación dunha opinión pública libre e na expresión da identidade rexional. Nas súas relacións cos medios de comunicación, os poderes públicos da comunidade respectarán os principios de transparencia e obxectividade.

23. A non-discriminación e o respecto á diversidade dos distintos colectivos étnicos, culturais e relixiosos presentes en Castilla y León, con especial atención á comunidade xitana, fomentando o entendemento mutuo e as relacións interculturais.

24. O fortalecemento da sociedade civil e o fomento do asociacionismo, o voluntariado e a participación social.

25. A promoción da cultura da paz, da tolerancia, do respecto e do civismo democráticos, rexeitando calquera actitude que promova a violencia, o odio, a discriminación ou a intolerancia, ou que, de calquera outra forma, atente contra a igualdade e a dignidade das persoas.

CAPÍTULO V

Garantías dos dereitos e principios estatutarios

Artigo 17. *Garantías normativas e xudiciais.*

1. Os dereitos recoñecidos no capítulo II deste título vinculan todos os poderes públicos da Comunidade de Castilla y León e, de acordo á natureza de cada dereito, tamén os particulares, e son exixibles en sede xudicial baixo as condicións legalmente establecidas. Os dereitos débense interpretar e aplicar do modo máis favorable para a súa plena efectividade.

2. No ámbito autonómico, a regulación esencial dos dereitos recoñecidos no capítulo II deste título débese realizar por lei das Cortes de Castilla y León.

3. Os principios reitores das políticas públicas que se enumeran no capítulo IV deste título informan a lexislación, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos. Son exixibles ante a xurisdición de acordo co que determinen as normas que os desenvolvan.

Artigo 18. *O Procurador do Común.*

1. O Procurador do Común é o Alto Comisionado das Cortes de Castilla y León, designado por estas, que actúa con independencia para a protección e defensa dos dereitos constitucionais dos cidadáns e dos dereitos e principios recoñecidos neste estatuto fronte á Administración da comunidade, a dos seus entes locais e a dos diferentes organismos que destas dependen.

2. Unha lei das Cortes de Castilla y León regulará as competencias, organización e funcionamento desta institución.

3. O Procurador do Común colaborará e coordinará as súas funcións coas do Defensor do Pobo nos termos da lexislación aplicable.

TÍTULO II

Institucións de autogoberno da comunidade

Artigo 19. *Institucións autonómicas.*

1. As institucións básicas da Comunidade de Castilla y León son:

- a) As Cortes de Castilla y León.
- b) O presidente da Xunta de Castilla y León.
- c) A Xunta de Castilla y León.

2. Son institucións propias da Comunidade de Castilla y León o Consello Económico e Social, o Procurador do Común, o Consello Consultivo, o Consello de Contas, e as que determinen este estatuto ou as leis aprobadas polas Cortes de Castilla y León.

CAPÍTULO I

As Cortes de Castilla y León

Artigo 20. *Carácter.*

1. As Cortes de Castilla y León representan o pobo de Castilla y León e exercen no seu nome, conforme a Constitución e este estatuto, os poderes e atribucións que lles corresponden.

2. As Cortes de Castilla y León son inviolables.

Artigo 21. *Composición, elección e mandato.*

1. Os membros das Cortes de Castilla y León reciben a denominación tradicional de procuradores e serán elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, mediante un sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio.

2. A circunscrición electoral é a provincia, asignándose a cada unha un número mínimo de tres procuradores e un máis por cada 45.000 habitantes ou fracción superior a 22.500.

3. A convocatoria de eleccións realizaraa o presidente da Xunta de Castilla y León.

4. A lexislación electoral determinará as causas de inelixibilidade e incompatibilidade dos procuradores, atendendo ao disposto no artigo 67, número 1, da Constitución.

5. As Cortes de Castilla y León son elixidas por catro anos. O mandato dos procuradores remata catro anos despois da súa elección ou o día da disolución da Cámara.

Artigo 22. *Estatuto dos procuradores.*

1. Os procuradores representan a totalidade do pobo de Castilla y León e non están ligados por mandato imperativo ningún.

2. Os procuradores, aínda despois de cesar no seu mandato, gozarán de inviolabilidade polos votos emitidos e as opinións manifestadas no exercicio das súas funcións. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos por presuntos actos delituosos cometidos no territorio da comunidade salvo no caso de flagrante delito, correspondéndolle decidir en todo caso sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Castilla y León. Fóra do territorio da comunidade a responsabilidade penal será exixible nos mesmos termos ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Artigo 23. *Organización e funcionamento.*

1. As Cortes de Castilla y León elixirán entre os seus membros o presidente, a Mesa e a Deputación Permanente. Corresponderalle ao presidente o exercicio en nome das Cortes de todos os poderes administrativos e facultades de policía no interior da súa sede.

2. As Cortes de Castilla y León funcionarán en Pleno e en comisións.

3. Os procuradores constitúense en grupos parlamentarios de representación política. A participación de cada un destes grupos nas comisións e na deputación permanente será proporcional ao número dos seus membros.

4. As Cortes establecen o seu propio regulamento, cuxa aprobación e reforma requirirán a maioría absoluta nunha votación final sobre a súa totalidade. Así mesmo, aproban o Estatuto do persoal das Cortes de Castilla y León e establecen autonomamente os seus orzamentos.

5. As Cortes de Castilla y León reuniranse en sesións ordinarias e extraordinarias. Os períodos ordinarios de sesións celebraranse entre setembro e decembro, o primeiro, e entre febreiro e xuño, o segundo. As sesións extraordinarias deberán ser convocadas polo seu presidente, con especificación da orde do día, por petición da Xunta, da Deputación Permanente ou da maioría absoluta dos procuradores, e serán clausuradas unha vez esgotada a devandita orde do día.

Artigo 24. *Atribucións.*

Correspóndelles ás Cortes de Castilla y León:

1. Exercer a potestade lexislativa da comunidade nos termos establecidos pola Constitución, por este estatuto e polas leis do Estado que lles atribúan tal potestade.

2. Controlar e impulsar a acción política e de goberno da Xunta e do seu presidente.

3. Aprobar os orzamentos da comunidade e os das propias Cortes, así como a rendición anual de contas de ambos os dous.

4. Elixir de entre os seus membros o presidente da Xunta de Castilla y León.

5. Designar os senadores que deben representar a comunidade, segundo o previsto no artigo 69.5 da Constitución. Os senadores serán designados en proporción ao número de membros dos grupos políticos representados nas Cortes de Castilla y León.

6. Solicitar do Goberno a adopción dun proxecto de lei, ou remitirille á Mesa do Congreso dos Deputados unha proposición de lei nos termos que establece o artigo 87, número 2, da Constitución.

7. Interpoñer recursos de inconstitucionalidade, de acordo co que establece o artigo 162, número 1.a), da Constitución, e a Lei orgánica do tribunal constitucional.

8. Exercer a iniciativa de reforma da Constitución, nos termos previstos nesta.

9. Facilitarlle ao Goberno as previsións de índole política, social e económica a que se refire o artigo 131, número 2, de Constitución.

10. Establecer e exixir tributos de acordo coa Constitución, este estatuto e as correspondentes leis do Estado.

11. Aprobar transferencias de competencias da comunidade aos municipios, provincias e outras entidades locais desta, salvo o que determina este estatuto ou dispoña unha lei previa da propia comunidade.

12. Ratificar os convenios que a Xunta conclúa con outras comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos propios destas. Os devanditos convenios serán comunicados de inmediato ás Cortes Xerais.

13. Ratificar os acordos de cooperación que sobre materias distintas ás mencionadas no número anterior conclúa a Xunta con outras comunidades autónomas logo de autorización das Cortes Xerais.

14. Validar os decretos lei aprobados pola Xunta, de acordo co disposto no artigo 25.4 deste estatuto.

15. Exercer cantos outros poderes, competencias e atribucións lles asignen a Constitución, este estatuto e as leis.

Artigo 25. *Potestade lexislativa.*

1. A iniciativa lexislativa na comunidade correspóndelle á Xunta e aos procuradores nos termos que para estes establece o regulamento das Cortes.

2. Por lei das Cortes de Castilla y León regularase o exercicio da iniciativa lexislativa popular e dos concellos para aquelas materias que sexan competencia da comunidade autónoma nos termos previstos na lei orgánica que desenvolva o disposto no artigo 87.3 da Constitución.

3. As Cortes poderán delegar na Xunta a potestade de ditar normas con rango de lei que a aquelas competa. A delegación deberase outorgar de forma expresa, para materia concreta e con fixación de prazo para o seu exercicio e efectuarase mediante lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.

No poderán ser obxecto de delegación, ademais do que dispoñen outras leis, as atribucións lexislativas contidas nos números 3 e 10 do artigo anterior, as ratificacións previstas nos números 12 e 13 do mesmo artigo, o réxime electoral da comunidade, as leis que fixen a sede ou sedes das institucións básicas e aquelas outras leis para as que este estatuto exixa maiorías cualificadas para a súa aprobación.

Sen prexuízo da competencia propia dos tribunais, as leis de delegación poderán establecer en cada caso fórmulas adicionais de control parlamentario.

4. En caso de extraordinaria e urxente necesidade, a Xunta poderá ditar disposicións lexislativas provisionais que tomarán a forma de decretos lei e que non poderán afectar a reforma do estatuto, a regulación e fixación da sede ou sedes das institucións básicas da comunidade, o réxime electoral, o orzamentario, o tributario e o dos dereitos previstos neste estatuto. Tampouco se poderá utilizar o decreto lei para a regulación de materias para as cales este estatuto exixa expresamente a aprobación dunha lei de Cortes.

No prazo improrrogable de trinta días desde a súa promulgación, os decretos lei deberán ser validados ou derogados polas Cortes de Castilla y León despois dun debate e votación de totalidade.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as Cortes poderán acordar no prazo máis arriba sinalado tramitar os decretos lei como proxectos de lei polo procedemento de urxencia.

5. As leis de Castilla y León serán promulgadas en nome de El-Rei polo presidente da Xunta, quen ordenará a súa publicación no «Boletín Oficial de Castilla y León» e no «Boletín Oficial del Estado». Para os efectos da súa

entrada en vigor rexerá a data de publicación no primeiro destes.

CAPÍTULO II

O presidente da Xunta de Castilla y León

Artigo 26. *Elección e carácter.*

1. O presidente da Xunta desempeña a suprema representación da comunidade e a ordinaria do Estado nela; preside, así mesmo, a Xunta de Castilla y León, dirixe as súas accións e coordina as funcións dos seus membros.

2. O presidente da Xunta de Castilla y León é elixido polas Cortes de Castilla y León de entre os seus membros e nomeado polo rei.

3. Ao comezo de cada lexislatura ou en caso de dimisión ou falecemento do anterior presidente, perda da súa condición de procurador das Cortes de Castilla y León, inhabilitación derivada de condena penal firme ou incapacidade permanente recoñecida polas Cortes que o inhabilite para o exercicio do cargo, as Cortes de Castilla y León procederán á elección do presidente por maioría absoluta en primeira votación ou por maioría simple na segunda, conforme o procedemento que estableza o regulamento daquelas.

Se, transcorrido o prazo de dous meses a partir da primeira votación de investidura, ningún candidato obtivese a confianza das Cortes de Castilla y León, estas quedarán automaticamente disoltas e procederase á convocatoria de novas eleccións.

4. O presidente cesará, ademais de polas causas a que se refire o punto anterior, nos casos de perda de confianza ou se as Cortes de Castilla y León adoptan a moción de censura nos termos a que se refire o artigo 36 deste estatuto.

Artigo 27. *Atribucións.*

1. Como supremo representante da Comunidade de Castilla y León, correspóndelle ao presidente da Xunta:

- Convocar eleccións ás Cortes de Castilla y León de acordo co establecido nesta norma.
- Acordar a disolución das Cortes de Castilla y León nos termos normativamente previstos.
- Manter as relacións que se consideren oportunas cos demais entes públicos.
- Asinar os convenios e acordos de cooperación e colaboración que subscriba a comunidade autónoma nos casos en que proceda.
- Propoñer, por iniciativa propia ou por solicitude dos cidadáns, de conformidade con establecido neste estatuto e na lexislación do Estado e da comunidade, a celebración de consultas populares no ámbito da comunidade, sobre decisións políticas relativas a materias que sexan da competencia desta.

2. Como representante ordinario do Estado na comunidade autónoma, correspóndelle ao presidente da Xunta:

- Promulgar en nome de El-Rei as leis aprobadas polas Cortes de Castilla y León, así como ordenar a súa publicación no «Boletín Oficial de Castilla y León» e a remisión para a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».
- Ordenar a publicación no «Boletín Oficial de Castilla y León» dos nomeamentos dos altos cargos do Estado en Castilla y León.
- Solicitar a colaboración ás autoridades do Estado que exercen funcións públicas en Castilla y León.
- As demais que determinen as leis.

3. Como presidente do Goberno de Castilla y León, correspóndelle ao presidente da Xunta:

- Dirixir e coordinar a acción de goberno.
- Nomear e separar libremente os demais membros da Xunta.
- Convocar, presidir, fixar a orde do día das reunións do Consello de Goberno e dirixir os debates e deliberacións, así como suspender e rematar as sesións.
- Asinar os decretos e acordos da Xunta e ordenar, se é o caso, a publicación no «Boletín Oficial de Castilla y León».
- Solicitar ditame do Consello Consultivo de Castilla y León nos supostos en que proceda.
- Exercer calquera outra atribución prevista polas leis.

CAPÍTULO III

A Xunta de Castilla y León

Artigo 28. *Carácter e composición.*

1. A Xunta de Castilla y León é a institución de goberno e administración da Comunidade de Castilla y León e exerce a función executiva e a potestade regulamentaria de acordo con este estatuto e o resto do ordenamento xurídico.

2. A Xunta de Castilla y León está composta polo presidente, os vicepresidentes, se é o caso, e os conselleiros.

3. Unha lei de Castilla y León regulará a organización e composición da Xunta, así como as atribucións e o estatuto persoal dos seus membros.

4. O presidente da Xunta nomea e separa libremente os seus membros, comunicándoo seguidamente ás Cortes de Castilla y León.

5. O presidente poderá delegar funcións executivas e de representación propias nos vicepresidentes e demais membros da Xunta.

6. O vicepresidente ou vicepresidentes asumirán as funcións que lles encomende o presidente da Xunta e suplirano, pola súa orde, en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 29. *Prerrogativas.*

O presidente e os demais membros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delituosos cometidos no territorio de Castilla y León, non poderán ser detidos nin retidos senón en caso de flagrante delito, correspóndelle decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Castilla y León. Fóra deste territorio a responsabilidade penal será exixible nos mesmos termos ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Artigo 30. *Atribucións.*

Correspóndelle á Xunta de Castilla y León:

- Exercer o goberno e administración da comunidade no ámbito das competencias que esta teña atribuídas.
- Interpoñer recursos de inconstitucionalidade nos termos que establece o artigo 162.1.a) da Constitución e suscitar, se é o caso, conflitos de competencia co Estado ou outra comunidade autónoma, segundo o previsto na Lei orgánica do Tribunal Constitucional, comparecendo nestes últimos por acordo das Cortes de Castilla y León ou por propia iniciativa.
- Exercer cantas outras competencias ou atribucións lle asignen este estatuto e as leis.

Artigo 31. Cesamento.

1. A Xunta de Castilla y León cesa tras a celebración de eleccións ás Cortes de Castilla y León, nos casos de perda da confianza parlamentaria e de cesamento do seu presidente previstos neste estatuto.

2. A Xunta de Castilla y León cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta.

Artigo 32. Administración autonómica.

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Castilla y León a creación e estruturación dos órganos e servizos da Administración autonómica que teñan por obxecto servir ao exercicio das competencias atribuídas a aquela.

2. No exercicio das súas competencias, a Administración da Comunidade Autónoma de Castilla y León gozará das potestades e privilexios propios da Administración do Estado, entre os que se comprenden:

a) A presunción de lexitimidade e a executoriedade dos seus actos, así como os poderes de execución forzosa e revisión en vía administrativa.

b) A potestade de expropiación, incluída a declaración de urxente ocupación dos bens afectados, e o exercicio das restantes competencias da lexislación expropiatoria atribuídas á Administración do Estado, cando se trate de materias de competencia da comunidade autónoma.

c) A potestade de sanción dentro dos límites que estableza o ordenamento xurídico.

d) A facultade de utilización do procedemento de constrinximento.

e) A inembargabilidade dos seus bens e dereitos, así como os privilexios de prelación, preferencia e demais recoñecidos á Facenda Pública para o cobramento dos seus créditos, sen prexuízo dos que correspondan nesta materia á Facenda do Estado e en igualdade de dereitos coas demais comunidades autónomas.

f) A exención de toda obriga de garantía ou caución ante calquera organismo administrativo ou tribunal xurisdiccional.

g) A non-admisión de interdictos contra as actuacións da comunidade, en materia da súa competencia realizadas de acordo co procedemento legal.

3. Así mesmo, no exercicio da competencia de organización, réxime e funcionamento, prevista no artigo 70.1.1.º deste estatuto, e de acordo coa lexislación do Estado, correspóndelle á comunidade autónoma, entre outras materias, o establecemento do réxime dos empregados públicos da comunidade e da súa Administración local, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.18.ª da Constitución; a elaboración do procedemento administrativo derivado das especialidades da súa organización propia; a regulación da responsabilidade da Xunta e dos entes públicos dependentes desta, así como a regulación dos bens de dominio público e patrimoniais cuxa titularidade lle corresponda á Comunidade, e a dos contratos e concesións administrativas no seu ámbito.

Artigo 33. Consello Consultivo.

1. O Consello Consultivo de Castilla y León é o superior órgano consultivo da Xunta e da Administración da comunidade.

2. Unha lei das Cortes de Castilla y León regulará a súa composición, organización, funcionamento e competencias.

CAPÍTULO IV**Relacións entre as Cortes de Castilla y León e a Xunta de Castilla y León e o seu presidente****Artigo 34. Responsabilidade política.**

1. O presidente e a Xunta son politicamente responsables ante as Cortes de Castilla y León de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada conselleiro pola súa xestión.

2. O control da acción política e de goberno da Xunta e do seu presidente exérceno as Cortes na forma que regule o seu regulamento.

Artigo 35. Cuestión de confianza.

1. O presidente da Xunta de Castilla y León, logo de deliberación desta, poderá formular ante as Cortes de Castilla y León a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración de política xeral.

2. A tramitación parlamentaria da cuestión de confianza rexerese polo Regulamento das Cortes de Castilla y León e entenderase outorgada cando vote a favor dela a maioría simple dos procuradores.

3. A Xunta de Castilla y León e o seu presidente cesarán se as Cortes de Castilla y León lles negan a súa confianza. Neste suposto o presidente das Cortes convocará o Pleno para elixir novo presidente, de conformidade co procedemento previsto no artigo 26 deste estatuto.

Artigo 36. Moción de censura.

1. As Cortes de Castilla y León poden exixir a responsabilidade política da Xunta mediante aprobación por maioría absoluta dos seus membros da moción de censura. Esta deberá ser proposta, polo menos, polo 15 por 100 dos procuradores e deberá incluír un candidato a presidente de Castilla y León.

2. O Regulamento das Cortes de Castilla y León poderá establecer outros requisitos e regulará o procedemento de tramitación da dita moción.

3. Os asinantes dunha moción de censura non poderán presentar outra mentres non transcorra un ano desde a presentación daquela, dentro da mesma lexislatura.

4. Se as Cortes de Castilla y León aproban unha moción de censura, a Xunta cesará. O candidato incluído nesta entenderase elixido polas Cortes de Castilla y León presidente da Xunta, coas consecuencias previstas no artigo 26.2 deste estatuto.

Artigo 37. Disolución anticipada das Cortes.

1. O presidente da Xunta de Castilla y León, baixo a súa exclusiva responsabilidade e logo de deliberación da Xunta, poderá acordar a disolución anticipada das Cortes de Castilla y León.

2. Non se poderá acordar a disolución anticipada das Cortes de Castilla y León nos seguintes supostos:

a) Cando encontre en tramitación unha moción de censura.

b) Durante o primeiro período de sesións da lexislatura.

c) Antes de que transcorra un ano desde a anterior disolución da Cámara efectuada ao abeiro deste artigo.

3. A disolución acordaraa o presidente da Xunta mediante decreto que incluírá a data das eleccións ás Cortes de Castilla y León e demais circunstancias previstas na lexislación electoral.

CAPÍTULO V

O Poder Xudicial en Castilla y León**Artigo 38. Competencias en materia de Administración de xustiza.**

En relación coa Administración de xustiza, exceptuada a militar, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Castilla y León, de acordo coa lexislación do Estado:

1. Delimitar as demarcacións territoriais dos órganos xurisdicionais e a localización da súa sede e, se é o caso, solicitar a revisión da planta dos xulgados e tribunais para adaptala ás necesidades do seu ámbito territorial.

2. Exercer as facultades normativas, executivas e de xestión que teña atribuídas en relación coa creación, o deseño e a organización das oficinas xudiciais e unidades administrativas, así como respecto ao persoal non xudicial ao servizo da Administración de xustiza.

3. Exercer as facultades normativas, executivas e de xestión que teña atribuídas en relación cos organismos e institucións colaboradores da Administración de xustiza, incluídos os servizos de medicina forense e de toxicología.

4. Prover de medios persoais, materiais e económicos a Administración de xustiza dentro do marco das súas competencias.

5. De xeito xeral, exercer aquelas outras competencias que lle recoñeza ou atribúa a lexislación do Estado.

Artigo 39. Exercicio da potestade xurisdicional en Castilla y León.

1. Dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Castilla y León, o exercicio da potestade xurisdicional correspóndelles de xeito ordinario aos xulgados e tribunais radicados na comunidade, nos termos previstos pola Constitución, a lexislación do Estado e os tratados internacionais subscritos por España.

2. A competencia dos órganos xurisdicionais en Castilla y León esténdese dentro das ordes xurisdicionais civil, penal, contencioso-administrativo e social a todas as instancias, de conformidade co disposto pola lexislación estatal.

3. As cuestións de competencia que se susciten entre órganos xurisdicionais dentro de cada orde xurisdicional en Castilla y León serán resoltas polo inmediato órgano superior común, de conformidade co disposto pola lexislación do Estado.

Artigo 40. O Tribunal Superior de Xustiza de Castilla y León.

1. O Tribunal Superior de Xustiza de Castilla y León é o órgano xurisdicional superior da Administración de xustiza dentro da comunidade en todas as ordes, con excepción da xurisdición militar, e alcanza todo o seu ámbito territorial. A súa organización, competencias e funcionamento axustarase a canto dispoña a lexislación estatal.

2. As competencias do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla y León exerceranse sen prexuízo das que correspondan ao Tribunal Supremo como órgano xurisdicional superior en todas as ordes dentro da Administración de xustiza española ou, cando proceda, das recoñecidas aos tribunais internacionais, de conformidade co disposto na Constitución, a lexislación do Estado e os tratados subscritos por España.

Artigo 41. Presidente do Tribunal Superior de Xustiza e persoal xudicial.

1. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla y León será nomeado polo rei, por proposta do

Consello Xeral do Poder Xudicial. O presidente da Xunta de Castilla y León ordenará a publicación do dito nomeamento no «Boletín Oficial de Castilla y León».

2. O nomeamento dos maxistrados, xuíces, secretarios e restante persoal do Tribunal Superior e dos demais órganos da Administración de xustiza na comunidade efectuarase segundo a forma prevista na lexislación do Estado.

Artigo 42. O Consello de Xustiza de Castilla y León.

Mediante lei das Cortes de Castilla y León poderase crear o Consello de Xustiza de Castilla y León e establecer a súa estrutura, composición e funcións dentro do ámbito de competencias da comunidade e de acordo co disposto na lexislación estatal.

TÍTULO III

Da organización territorial**Artigo 43. Organización territorial.**

1. Castilla y León organízase territorialmente en municipios, provincias e demais entidades locais que, con tal carácter, se poidan crear conforme a lei.

2. As entidades locais de Castilla y León rexeranse polos principios de autonomía, suficiencia financeira, competencia, coordinación, cooperación, responsabilidade, subsidiariedade e lealdade institucional.

3. A comunidade e as entidades locais de Castilla y León promoverán a cohesión e o equilibrio de todos os seus territorios, con especial atención ás zonas periféricas e ás máis despoboadas e desfavorecidas.

CAPÍTULO I

Dos entes locais**Artigo 44. O municipio.**

1. O municipio é a entidade territorial básica da comunidade e a institución de participación máis directa dos cidadáns nos asuntos públicos. Ten personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito das súas competencias e na defensa dos intereses locais que representa.

2. O seu goberno, representación e administración correspóndelle ao concello.

3. A creación e supresión de municipios, a alteración de termos municipais e a fusión de municipios limítrofes realizarase de acordo coa lexislación da comunidade autónoma no marco da lexislación básica do Estado.

Artigo 45. Competencias.

1. Os municipios teñen as competencias propias que establece a lexislación básica do Estado e a da comunidade autónoma. Estas competencias exércense con plena autonomía.

2. As competencias das entidades locais corresponderánlles aos municipios, salvo que a lei que recoñeza tales competencias as asigne a outras entidades locais.

3. Os municipios teñen capacidade para exercer a súa iniciativa en toda materia de interese local que non estea expresamente excluída da súa competencia ou atribuída a outras administracións pola lexislación do Estado ou da comunidade autónoma.

Artigo 46. A comarca.

1. A comarca configúrase como a agrupación voluntaria de municipios limítrofes con características xeográficas, económicas, sociais e históricas afíns. Poderá ser

tamén circunscripción administrativa da Xunta de Castilla y León para o cumprimento dos seus fins.

2. A constitución de cada comarca formalizarase por lei das Cortes, que definirá as súas competencias, sen prexuízo das que lle poidan delegar ou encomendar as entidades locais do seu ámbito territorial ou a comunidade autónoma. Requirirase, en todo caso, o acordo dos concellos afectados.

3. Unha lei das Cortes de Castilla y León regulará a comarca do Bierzo, tendo en conta as súas singularidades e a súa traxectoria institucional.

4. Mediante lei das Cortes poderase regular, con carácter xeral, a organización e o réxime xurídico das comarcas de Castilla y León.

Artigo 47. *A provincia.*

1. A provincia, como entidade local, ten personalidade xurídica propia e capacidade plena para a xestión dos seus intereses. O seu goberno e administración están encomendados á respectiva deputación. Constitúe tamén división territorial para o cumprimento dos fins da comunidade autónoma.

2. As competencias das deputacións fixaranse pola lexislación básica do Estado e a da comunidade autónoma. En todo caso, as deputacións exercerán competencias no ámbito da cooperación, asesoramento e asistencia a municipios e outras entidades locais. Prestarán tamén servizos supramunicipais de carácter provincial, no ámbito das competencias locais, sen prexuízo das que lles poidan delegar ou encomendar as entidades locais do seu ámbito territorial ou a comunidade autónoma.

CAPÍTULO II

Das relacións entre a comunidade e os entes locais

Artigo 48. *Principios.*

A Comunidade de Castilla y León impulsará a autonomía local. A comunidade e as entidades locais axustarán as súas relacións recíprocas aos principios de lealdade institucional, respecto aos ámbitos competenciales respectivos, coordinación, cooperación, información mutua, subsidiariedade, solidariedade interterritorial e ponderación dos intereses públicos afectados, calquera que sexa a Administración que os teña ao seu cargo.

Artigo 49. *Regulación do goberno e a administración local de Castilla y León.*

1. No marco da lexislación básica do Estado e deste estatuto, a comunidade autónoma establecerá por lei de Cortes a regulación do goberno e a administración local de Castilla y León. Na dita regulación consideraranse as entidades locais menores, así como as comarcas, áreas metropolitanas, mancomunidades, consorcios e outras agrupacións de entidades locais de carácter funcional e fins específicos. A creación en cada caso de áreas metropolitanas efectuarase mediante lei específica das Cortes de Castilla y León.

2. Preservaranse e protexeranse as formas tradicionais de organización local, polo seu valor singular dentro do patrimonio institucional de Castilla y León.

Artigo 50. *Transferencia e delegación de competencias da comunidade aos entes locais.*

1. Por lei das Cortes, aprobada por maioría absoluta, poderanse transferir competencias aos concellos, deputacións e outros entes locais que poidan asegurar o seu eficaz exercicio, naquelas materias que sexan susceptibles de seren transferidas.

A transferencia de competencias preverá o traspaso dos medios persoais, financeiros e materiais que resulten precisos para garantir a suficiencia na prestación dos servizos públicos descentralizados.

2. Así mesmo, a comunidade poderá delegar nas entidades locais a xestión de materias da súa competencia, o desempeño das súas funcións e a prestación de servizos, establecéndose nestes supostos as formas de dirección e control que aquela reserve para si.

Artigo 51. *Consello de Cooperación Local de Castilla y León.*

1. A Lei das Cortes de Castilla y León prevista no artigo 49 deste estatuto regulará a creación, composición e funcións dun órgano mixto para o diálogo e a cooperación institucional entre a comunidade autónoma e as corporacións locais de Castilla y León, en que estas estarán representadas con criterios que aseguren a pluralidade política, territorial e institucional.

2. O Consello de Cooperación Local será oído no proceso de preparación dos anteproxectos de lei, disposicións administrativas e plans que afecten de forma específica as entidades locais.

Artigo 52. *Asociación de entidades locais.*

1. A Comunidade de Castilla y León fomentará as asociacións de entidades locais de ámbito autonómico para a protección e promoción dos seus intereses comúns.

2. As institucións da comunidade autónoma recoñecerán a interlocución da Federación Rexional de Municipios e Provincias de Castilla y León, en canto asociación local con maior implantación.

CAPÍTULO III

Das facendas locais

Artigo 53. *Principios.*

As facendas locais de Castilla y León réxense polos principios de suficiencia de recursos, equidade, autonomía e responsabilidade fiscal. A comunidade autónoma velará polo cumprimento destes principios e pola corrección de desequilibrios económicos entre as entidades locais, co fin de garantir a igualdade no acceso aos servizos públicos locais a todos os cidadáns da comunidade.

Artigo 54. *Tutela financeira dos entes locais.*

Correspóndelle á Comunidade de Castilla y León velar polos intereses financeiros dos entes locais do seu territorio e exercer a tutela financeira sobre eles, respectando a autonomía que a estes lles recoñecen os artigos 140 a 142 da Constitución.

Artigo 55. *Financiamento das entidades locais.*

1. O financiamento das entidades locais garantirá a suficiencia de recursos de acordo cunha distribución de competencias baseada nos principios de descentralización, subsidiariedade e simplificación administrativa.

2. As competencias transferidas ás entidades locais deberán ir acompañadas dun financiamento autonómico suficiente, para que non poña en risco a autonomía financeira dos devanditos entes locais.

3. As entidades locais poderán participar nos ingresos da comunidade, segundo o disposto no artigo 142 da Constitución, nos termos que estableza unha lei das Cortes.

4. As entidades locais de Castilla y León teñen dereito a que a comunidade arbitre as medidas de com-

pensación que impidan que os seus recursos se vexan reducidos cando estableza tributos sobre feitos suxeitos á imposición municipal polos entes locais ou cando suprima ou modifique calquera tributo de percepción municipal que reduza os ingresos dos concellos.

Artigo 56. *Xestión concertada de tributos.*

Os entes locais poderán delegar na comunidade autónoma a xestión, liquidación, recadación e inspección dos seus propios tributos e outros ingresos de dereito público, ou establecer algunha outra forma de colaboración.

TÍTULO IV

Relacións institucionais e acción exterior da Comunidade de Castilla y León

CAPÍTULO I

Relacións co Estado e coas demais comunidades autónomas

Artigo 57. *Disposicións xerais.*

1. As relacións da Comunidade de Castilla y León co Estado e coas demais comunidades autónomas estarán baseadas nos principios de solidariedade, lealdade institucional e cooperación.

2. Estas relacións articularanse a través de mecanismos bilaterais ou multilaterais en función da natureza dos asuntos e dos intereses que resulten afectados.

Artigo 58. *Relacións da comunidade autónoma co Estado.*

1. A Comunidade de Castilla y León e o Estado prestaranse axuda mutua e colaborarán cando sexa necesario para o exercicio eficaz das competencias respectivas e para a defensa dos intereses propios.

2. A comunidade, de acordo co establecido neste estatuto e na lexislación estatal, participará nos organismos e procedementos de toma de decisións do Estado que afecten as súas competencias e, en particular, nos seguintes ámbitos:

- a) Ordenación xeral da actividade económica no marco do establecido no artigo 131.2 da Constitución.
- b) Planificación das infraestruturas estatais situadas en Castilla y León incluída, se é o caso, a declaración de interese xeral destas.
- c) Declaración e delimitación de espazos naturais dotados dun réxime de protección estatal.
- d) Designación dos membros das institucións, organismos e empresas públicas do Estado, nos termos establecidos na lexislación estatal.

3. A Xunta de Castilla y León e o Goberno da Nación, no ámbito das competencias respectivas, poden subscribir convenios de colaboración e facer uso doutros instrumentos de cooperación que consideren axeitados para cumprir os obxectivos de interese común.

Artigo 59. *Comisión de Cooperación entre a Comunidade de Castilla y León e o Estado.*

1. A Comisión de Cooperación entre a Comunidade de Castilla y León e o Estado configúrase como o marco permanente de cooperación de ámbito xeral entre ambas as dúas partes, de acordo coa lexislación vixente, sen prexuízo das funcións atribuídas a outros órganos concretos de carácter bilateral ou multilateral.

2. A Comisión de Cooperación estará constituída por un número igual de representantes da Xunta de Castilla y León e do Goberno da Nación e adoptará as súas normas

de organización e funcionamento por acordo de ambas as dúas partes.

3. A Comisión de Cooperación poderá desempeñar as seguintes funcións:

- a) Información, coordinación, planificación e colaboración entre as dúas partes, en relación co exercicio das competencias respectivas.
- b) Deliberación e, se é o caso, proposta sobre a elaboración de proxectos lexislativos do Estado que afecten singularmente as competencias e intereses de Castilla y León.
- c) Prevención e resolución extraprocesual de conflitos competenciais entre as dúas partes.
- d) Calquera outra función destinada a promover a cooperación entre as dúas partes.

Artigo 60. *Convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas.*

1. A Comunidade de Castilla y León poderá establecer relacións de colaboración en asuntos de interese común con outras comunidades autónomas, especialmente coas limítrofes e con aquelas coas que a unen vínculos históricos e culturais.

2. Para tal efecto, a comunidade poderá subscribir convenios de colaboración con outras comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos da súa competencia. Tales convenios deberán ser aprobados polas Cortes de Castilla y León e comunicados ás Cortes Xerais, e entrarán en vigor aos sesenta días da dita comunicación, salvo que as Cortes Xerais decidan no mesmo termo que, polo seu contido, se deban cualificar como acordos de cooperación, caso en que deberán seguir o procedemento previsto no número 3 deste artigo.

3. A comunidade poderá igualmente establecer acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, logo de autorización das Cortes Xerais.

4. Os convenios e acordos subscritos pola comunidade deberán publicarse no «Boletín Oficial de Castilla y León».

CAPÍTULO II

Relacións coa Unión Europea e participación na política europea do Estado

Artigo 61. *Disposición xeral.*

A Comunidade de Castilla y León deberá ser informada e oída polo Estado e participará, nos termos establecidos polas lexislacións europea e estatal, nos asuntos relacionados coa Unión Europea que afecten as súas competencias ou intereses.

Artigo 62. *Participación na formación e aplicación do Dereito da Unión Europea.*

1. A Comunidade de Castilla y León participará na formación da vontade do Estado español nos procesos de elaboración do Dereito da Unión Europea nos asuntos que afecten as competencias ou os intereses da comunidade a través dos mecanismos que se establezan na orde interna. A Xunta e as Cortes de Castilla y León poderán dirixir ao Goberno da Nación e ás Cortes Xerais, segundo proceda, as observacións e propostas que consideren oportunas sobre os asuntos que sexan obxecto de negociación.

2. As Cortes de Castilla y León participarán nos procedementos de control dos principios de subsidiariedade e de proporcionalidade que estableza o Dereito da Unión Europea en relación coas propostas lexislativas europeas cando as devanditas propostas afecten competencias da comunidade.

3. A comunidade aplica e desenvolve o Dereito da Unión Europea no ámbito das súas competencias. A existencia dunha regulación europea non modifica a distribución interna de competencias establecida pola Constitución e este estatuto.

Artigo 63. *Participación en institucións e órganos da Unión Europea.*

1. A comunidade poderá participar nas institucións e órganos da Unión, dentro da representación do Estado español, segundo o determine a lexislación aplicable.

2. A Xunta de Castilla y León proporalle ao Estado a designación de representantes no Comité das Rexións, de conformidade coas normas que o regulan.

Artigo 64. *Delegación permanente da Comunidade de Castilla y León ante a Unión Europea.*

A Comunidade de Castilla y León poderá establecer unha delegación permanente ante a Unión Europea co fin de manter relacións de colaboración coas institucións europeas e de exercer funcións de información e de promoción e defensa dos intereses de Castilla y León.

Artigo 65. *Accións ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.*

1. A Comunidade de Castilla y León poderá actuar nos procedementos ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea nos termos que estableza a lexislación aplicable.

2. En calquera caso, a Xunta de Castilla y León poderá instar o Goberno da Nación a exercer accións ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea en defensa dos intereses de Castilla y León.

Artigo 66. *Relacións coas rexións europeas.*

1. A Comunidade de Castilla y León promoverá o establecemento de relacións de cooperación, na forma en que considere conveniente no marco da lexislación vixente, coas rexións europeas coas que comparta obxectivos e intereses económicos, sociais e culturais.

2. En particular, a Comunidade de Castilla y León promoverá o establecemento dunhas relacións de boa veciñanza, baseadas no respecto mutuo e a colaboración, coas rexións de Portugal coas que o une unha estreita vinculación xeográfica, histórica, cultural, económica e ambiental.

CAPÍTULO III

Acción exterior da comunidade autónoma

Artigo 67. *Medios da acción exterior da comunidade.*

1. A Comunidade de Castilla y León, por si mesma ou en colaboración co Estado ou con outras comunidades autónomas, poderá levar a cabo accións de proxección exterior co fin de promover os seus intereses, sen prexuízo da competencia estatal en materia de relacións internacionais.

Para tal efecto, a Xunta de Castilla y León poderá subscribir acordos de colaboración no ámbito das súas competencias, debendo ser sometidos os ditos acordos á aprobación das Cortes de Castilla y León.

2. Así mesmo, a comunidade poderá participar en organismos internacionais, especialmente na UNESCO e outros organismos de carácter cultural, directamente, cando así o preveña a normativa correspondente, ou integrada no seo da delegación española.

3. A comunidade poderá establecer oficinas no exterior para a mellor defensa dos seus intereses, respectando o disposto no artigo 149.1.3.^a e 10.^a da Constitución.

4. Na súa acción exterior os poderes públicos de Castilla y León promoverán a paz, a solidariedade, a tolerancia, o respecto aos dereitos humanos, a prohibición de calquera forma de discriminación e a cooperación ao desenvolvemento. Unha lei das Cortes regulará o réxime xurídico da cooperación ao desenvolvemento da comunidade no ámbito internacional.

Artigo 68. *Tratados e convenios internacionais.*

1. A Comunidade de Castilla y León poderá solicitar do Goberno da Nación a celebración de tratados ou convenios internacionais en materias de interese para Castilla y León, e en especial nas derivadas da súa situación xeográfica como rexión fronteiriza.

2. A Xunta de Castilla y León adoptará as medidas necesarias para a execución, dentro do seu territorio, dos tratados internacionais e dos actos normativos das organizacións internacionais, en que afecten as materias propias das competencias da Comunidade Autónoma de Castilla y León.

3. A comunidade será informada da elaboración de tratados e convenios internacionais, así como dos proxectos de lexislación alfandegueira, no que afecten materias do seu específico interese. Nestes supostos, a comunidade poderá estar representada nas delegacións negociadoras se así o acorda co Goberno da Nación.

TÍTULO V

Competencias da comunidade

Artigo 69. *Disposición xeral.*

A Comunidade de Castilla y León, no marco do disposto na Constitución e nas correspondentes leis do Estado, asume as competencias que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 70. *Competencias exclusivas.*

1. A Comunidade de Castilla y León ten competencia exclusiva nas seguintes materias:

1.º Organización, réxime e funcionamento das súas institucións de autogoberno.

2.º Estrutura e organización da Administración da comunidade.

3.º Ordenación da Facenda da comunidade autónoma, de acordo co establecido neste estatuto.

4.º Organización territorial da comunidade. Relacións entre as institucións da comunidade e os entes locais e regulación dos entes locais creados pola comunidade, nos termos previstos neste estatuto.

5.º Conservación do dereito consuetudinario de Castilla y León.

6.º Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda.

7.º Obras públicas de interese para a comunidade autónoma dentro do seu propio territorio que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado nin afecten outra comunidade autónoma.

8.º Ferrocarrís, estradas e camiños que transcorran integramente polo territorio da comunidade autónoma e, nos mesmos termos, os transportes terrestres, fluviais, por cable ou canalización. Centros de transporte, loxística e distribución no ámbito da comunidade.

9.º Aeroportos, heliportos, peiraos e instalacións de navegación de carácter deportivo e, en xeral, os que non desenvolvan actividades comerciais.

10.º Asistencia social, servizos sociais e desenvolvemento comunitario. Promoción e atención das familias, a

infancia, a mocidade e os maiores. Prevención, atención e inserción social dos colectivos afectados pola discapacidade, a dependencia ou a exclusión social. Protección e tutela de menores.

11.º Promoción da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, con particular atención ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

12.º Réxime de acollida e integración económica, social e cultural dos inmigrantes. A Xunta de Castilla y León colaborará co Goberno de España en todo o relativo a políticas de inmigración, no ámbito das súas respectivas competencias.

13.º Desenvolvemento rural.

14.º Agricultura, gandaría e industrias agroalimentarias, de acordo coa ordenación xeral da economía.

15.º Denominacións de orixe e outras proteccións de calidade relativas a produtos de Castilla y León. Organización dos consellos reguladores e entidades de natureza equivalente.

16.º Tratamento especial das zonas de montaña.

17.º Pesca fluvial e lacustre, acuicultura, caza e explotacións cinexéticas. Protección dos ecosistemas en que se desenvolvan as devanditas actividades.

18.º O fomento do desenvolvemento económico nos diferentes mercados e do comercio exterior e a planificación da actividade económica da comunidade, dentro dos obxectivos marcados pola política económica xeral e, en especial, a creación e xestión dun sector público de Castilla y León.

19.º Caixas de aforro e institucións de crédito cooperativo público e territorial no marco da ordenación xeral da economía e de acordo coas disposicións que en uso das súas facultades dite o Estado.

20.º Comercio interior, sen prexuízo da política xeral de prezos, da libre circulación de bens no territorio do Estado e da lexislación sobre defensa da competencia. Regulación e autorización de grandes superficies comerciais, no marco da unidade de mercado. Calendarios e horarios comerciais, no marco da normativa estatal. Feiras e mercados interiores. Establecemento de bolsas de valores e establecemento e regulación de centros de contratación de mercadorías, conforme a lexislación mercantil.

21.º Promoción da competencia no ámbito da comunidade autónoma.

22.º Industria, con observancia de canto determinen as normas do Estado por razóns de seguranza, de interese militar ou sanitario e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear.

23.º Investigación científica e técnica. Fomento e desenvolvemento da investigación, desenvolvemento e innovación en coordinación coa investigación científica e técnica estatal.

24.º Instalacións de almacenaxe, produción, de distribución e de transporte de calquera enerxía, cando se circunscriban ao territorio da comunidade e o seu aproveitamento non afecte outra comunidade autónoma.

25.º Fomento, regulación e desenvolvemento da artesanía.

26.º Promoción do turismo e a súa ordenación no ámbito da comunidade.

27.º Casinos, xogos e apostas, agás as lotarías e apostas do Estado e os xogos autorizados polo Estado no territorio nacional a entidades sen ánimo de lucro.

28.º Cooperativas e entidades asimilables. Fomento do sector da economía social.

29.º Estatística para os fins da comunidade autónoma, en coordinación coa xeral do Estado e coa das demais comunidades autónomas.

30.º Publicidade en xeral e publicidade institucional sen prexuízo da lexislación do Estado.

31.º Cultura, con especial atención ás actividades artísticas e culturais da comunidade:

a) Fomento e promoción das producións artísticas e literarias de Castilla y León.

b) Produción, distribución de libros e publicacións periódicas en calquera soporte, así como a xestión do depósito legal e o outorgamento de códigos de identificación.

c) Industria cinematográfica e audiovisual de Castilla y León e de promoción e planificación de equipamentos culturais de Castilla y León.

d) Patrimonio histórico, artístico, monumental, arqueolóxico, arquitectónico e científico de interese para a comunidade, sen prexuízo da competencia do Estado para a súa defensa contra a exportación e a espoliación.

e) Museos, bibliotecas, hemerotecas, arquivos e outros centros culturais e de depósito de interese para a comunidade e que non sexan de titularidade estatal. Nos mesmos termos, conservatorios de música e danza, centros de artes escénicas e outras institucións relacionadas co fomento e o ensino das belas artes.

f) Festas e tradicións populares.

g) As academias científicas e culturais que desenvolvan principalmente a súa actividade en Castilla y León.

32.º Espectáculos públicos e actividades recreativas.

33.º Promoción da educación física, do deporte e do ocio.

34.º Fundacións que desenvolvan principalmente as súas actividades na comunidade autónoma.

35.º Normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe, con especial atención ao desenvolvemento de políticas que contribúan a mitigar o cambio climático.

36.º Servizo meteorolóxico da comunidade autónoma.

37.º Calquera outra que lle corresponda de acordo coa Constitución, este estatuto ou, en xeral, o ordenamento xurídico.

2. No exercicio destas competencias, corresponderánlle á Comunidade de Castilla y León as potestades lexislativa e regulamentaria, e a función executiva, incluída a inspección.

3. A atribución en exclusividade destas competencias á Comunidade de Castilla y León entenderase efectuada sen prexuízo das competencias que puidesen corresponder ao Estado en virtude doutros títulos previstos pola Constitución.

Artigo 71. *Competencias de desenvolvemento normativo e de execución.*

1. No marco da lexislación básica do Estado e, se é o caso, nos termos que ela estableza, é competencia da Comunidade de Castilla y León o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:

1.º Réxime local.

2.º Protección de datos de carácter persoal que estean baixo a responsabilidade das institucións da comunidade, dos entes locais e de calquera entidade pública ou privada dependente daquelas.

3.º Seguridade Social, exceptuando o réxime económico e respectando os principios de unidade económico-patrimonial e de solidariedade financeira.

4.º Ordenación farmacéutica.

5.º Defensa dos consumidores e usuarios.

6.º Ordenación do crédito, banca e seguros.

7.º Protección do ambiente e dos ecosistemas. Prevención ambiental. Verteduras á atmosfera e ás augas superficiais e subterráneas.

8.º Montes, aproveitamentos e servizos forestais, vías pecuarias, pastos e espazos naturais protexidos.

9.º Sanidade agraria e animal.

10.º Réxime mineiro e enerxético, incluídas as fontes renovables de enerxía.

11.º Tecnoloxías da información e o coñecemento.

12.º Prensa, radio, televisión e outros medios de comunicación social. A comunidade autónoma poderá regular, crear e manter os medios de comunicación social que considere necesarios para o cumprimento dos seus fins.

13.º Cámaras agrarias, de comercio e industria e calquera outra de natureza equivalente.

14.º Colexios profesionais e exercicio de profesións tituladas.

15.º Sistema de consultas populares no ámbito de Castilla y León, de conformidade co que dispoña a lei a que se refire o artigo 92.3 da Constitución e demais leis do Estado, correspondendo a este a autorización da súa convocatoria.

16.º Protección civil, incluíndo, en todo caso, a regulación, planificación e execución de medidas relativas ás emerxencias e á seguranza civil, así como á coordinación e formación dos servizos de protección civil, entre eles os de prevención e extinción de incendios.

17.º Asociacións que desenvolvan principalmente as súas actividades na comunidade autónoma.

2. Nestas materias, e salvo norma en contrario, correspóndelle, ademais, á comunidade a potestade regulamentaria, a xestión e a función executiva, incluída a inspección.

Artigo 72. *Competencias sobre seguranza pública. Corpo de Policía de Castilla y León.*

1. Correspóndelle á Comunidade Autónoma de Castilla y León a vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións, para o que poderá convir co Estado a adscripción dunha unidade do Corpo Nacional de Policía, nos termos e para o exercicio das funcións previstas na Lei orgánica a que se refire o número 29 de artigo 149.1 da Constitución.

2. A comunidade autónoma poderá tamén convir co Estado a colaboración das forzas e corpos de seguranza para o exercicio das funcións correspondentes a aquelas das súas competencias que así o precisen.

3. A Comunidade de Castilla y León poderá crear mediante lei das Cortes o Corpo de Policía de Castilla y León, que exercerá as funcións que a dita lei estableza e de colaboración coas forzas e corpos de seguranza do Estado previstas na Lei orgánica reguladora destes. A coordinación da actuación, no territorio de Castilla y León, das forzas e corpos de seguranza do Estado e do Corpo de Policía de Castilla y León corresponderalle á Xunta de Seguranza, formada por un número igual de representantes do Goberno e da Xunta de Castilla y León.

4. Correspóndelle á comunidade autónoma a coordinación e demais facultades previstas na lei orgánica a que se refire o número 22 de artigo 148.1 da Constitución, en relación coas policía locais de Castilla y León.

Artigo 73. *Competencias sobre educación.*

1. Correspóndelle á comunidade autónoma a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, de acordo co disposto na normativa estatal.

2. En materia de ensino non universitario, correspóndelle, en todo caso, á Comunidade de Castilla y León: a programación, creación, organización, réxime e inspección dos centros públicos e a autorización, inspección e control de todos os centros educativos; o réxime de bolsas e axudas ao estudo con fondos propios; a avaliación e

garantía da calidade do sistema educativo; a formación do persoal docente; a definición das materias relativas ao coñecemento da cultura castelá e leonesa; as actividades complementarias e extraescolares, en relación cos centros sostidos con fondos públicos; a organización das ensinanzas non presenciais e semipresenciais. Tamén son competencia da comunidade as ensinanzas non universitarias que non conduzan á obtención dun título académico ou profesional estatal.

3. En materia de ensino universitario, sen prexuízo da autonomía das universidades, é competencia exclusiva da Comunidade de Castilla y León, en todo caso, a programación e coordinación do sistema universitario de Castilla y León; a creación de universidades públicas e autorización das privadas; a aprobación dos estatutos das universidades públicas e das normas de organización e funcionamento das privadas; a coordinación dos procedementos de acceso ás universidades e regulación dos plans de estudo; o marco xurídico dos títulos propios das universidades; o financiamento das universidades; a regulación e xestión do sistema propio de bolsas e axudas ao estudo; o réxime retributivo do persoal docente e investigador contratado nas universidades públicas e o establecemento de retribucións complementarias do persoal docente e investigador funcionario.

Artigo 74. *Competencias sobre sanidade.*

1. Son de competencia exclusiva da Comunidade de Castilla y León, sen prexuízo das facultades reservadas ao Estado, as funcións en materia de sanidade e saúde pública, a promoción da saúde en todos os ámbitos, a planificación dos recursos sanitarios públicos, a coordinación da sanidade privada co sistema sanitario público e a formación sanitaria especializada.

2. No marco das bases e coordinación estatal da Sanidade, correspóndelle á Comunidade de Castilla y León a organización, o funcionamento, a administración e a xestión de todas as institucións sanitarias públicas dentro do territorio da Comunidade de Castilla y León.

3. A Xunta de Castilla y León poderá organizar e administrar para aquelas finalidades, e dentro do seu territorio, todos os servizos relacionados coas materias antes mencionadas, e exercerá a inspección e control das entidades en materia de sanidade, reservándolle ao Estado a alta inspección para o cumprimento das funcións e competencias contidas neste artigo.

4. A comunidade promoverá a investigación biomédica e biotecnolóxica no marco das súas propias institucións sanitarias e de investigación.

Artigo 75. *Competencias sobre a bacía do Douro e as augas da comunidade.*

1. Dada a relevancia que a bacía do Douro ten como elemento configurador do territorio de Castilla y León, a comunidade autónoma asumirá competencias de desenvolvemento lexislativo e de execución en materia de recursos e aproveitamentos hidráulicos das augas da bacía do Douro que teñan o seu nacemento en Castilla y León e deriven a Portugal sen atravesar ningunha outra comunidade autónoma.

2. En colaboración co Estado e as demais comunidades autónomas, correspóndelle á Xunta de Castilla y León a participación na xestión das augas pertencentes a outras bacías intercomunitarias que se atopen no territorio de Castilla y León.

3. As competencias dos puntos anteriores asumiránse sen prexuízo das reservadas ao Estado polo artigo 149.1 da Constitución e da planificación hidrolóxica.

4. A comunidade ten competencia exclusiva, cando as augas discorran integramente dentro do territorio de Castilla y León, en materia de proxectos, construción e

explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos de interese da comunidade autónoma; augas minerais, termais e subterráneas, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos.

5. É un principio reitor da acción política da comunidade a garantía do abastecemento de auga en condicións de cantidade e calidade suficientes para atender as necesidades presentes e futuras dos casteláns e leoneses. En aplicación deste principio e no marco da lexislación do Estado, a Xunta de Castilla y León emitirá un informe preceptivo sobre calquera decisión estatal que implique transferencia de augas fóra do territorio da comunidade.

Artigo 76. *Competencias de execución.*

Correspóndelle á Comunidade de Castilla y León, nos termos que establezan as leis e as normas regulamentarias que no seu desenvolvemento dite o Estado, a función executiva nas seguintes materias:

1.º Emprego e relacións laborais. Políticas activas de ocupación. Prevención de riscos laborais, promoción da saúde e seguraza laboral.

2.º Fixación, en colaboración co Estado, das necesidades do mercado laboral que determinan a concesión das autorizacións de traballo dos estranxeiros.

3.º Feiras internacionais.

4.º Xestión de museos, arquivos, bibliotecas e coleccións de natureza análoga de titularidade estatal que non reserve para si o Estado. Os termos da xestión serán fixados mediante convenios.

5.º Pesos e medidas. Contraste de metais.

6.º Plans establecidos polo Estado para a implantación ou reestruturación de sectores económicos.

7.º Produtos farmacéuticos.

8.º Propiedade industrial.

9.º Propiedade intelectual.

10.º Aeroportos e heliportos con cualificación de interese xeral cuxa xestión directa non reserve para si o Estado.

11.º Sector público estatal no ámbito territorial da comunidade autónoma, a que participará nos casos e actividades que proceda.

12.º Transporte de mercadorías e viaxeiros que teñan a súa orixe e destino no territorio da Comunidade Autónoma de Castilla y León, sen prexuízo da execución directa que reserve para si o Estado.

13.º Seguraza privada, cando así o estableza a lexislación do Estado.

14.º Nomeamento dos notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles que obtivesen praza no territorio da comunidade de acordo coas leis estatais. Informe e participación na fixación das demarcacións de notarías, rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles, así como das oficinas liquidadoras a cargo destes de acordo co previsto na lexislación estatal.

A comunidade velará pola axeitada prestación do servizo público encomendado a notarios e rexistradores.

15.º Defensa da competencia respecto das actividades económicas que se desenvolvan no territorio da comunidade, podéndose crear con esa finalidade un órgano independente.

Artigo 77. *Asunción de novas competencias.*

1. A comunidade autónoma poderá solicitar das institucións do Estado e asumir competencias a través dos procedementos establecidos nos números 1 e 2 do artigo 150 da Constitución.

Para o efecto sinalado no parágrafo anterior, a comunidade autónoma poderá exercer a iniciativa lexislativa prevista no artigo 87.2 da Constitución.

2. En calquera caso, a Comunidade de Castilla y León poderá asumir as demais competencias, funcións e servizos que a lexislación do Estado lles reserve ou atribúa ás comunidades autónomas.

3. As Cortes e a Xunta de Castilla y León velarán por que o nivel de autogoberno establecido neste estatuto sexa actualizado en termos de igualdade respecto das demais comunidades autónomas.

TÍTULO VI

Economía e facenda

CAPÍTULO I

Economía

Artigo 78. *Principios de política económica.*

1. A política económica da Comunidade de Castilla y León orientarase ao progreso económico e social, á mellora da calidade de vida dos seus cidadáns e á consecución dos dereitos e principios básicos da comunidade establecidos no título I deste estatuto.

2. Con obxecto de asegurar o equilibrio económico e demográfico dentro do territorio da comunidade e a realización interna do principio de solidariedade, constituirase un fondo autonómico de compensación, que será regulado por lei das Cortes de Castilla y León.

Artigo 79. *Sector público.*

1. A comunidade queda facultada para constituír institucións que fomenten a plena ocupación e para crear e manter o seu propio sector público, en coordinación co sector público estatal e local, co fin de impulsar o desenvolvemento económico e social e de realizar os seus obxectivos no marco das súas competencias.

2. As empresas públicas, os organismos autónomos e os entes públicos de dereito privado constituiranse mediante lei das Cortes de Castilla y León.

3. A comunidade, de acordo co que establezan as leis do Estado, designará, se é o caso, os seus representantes nos organismos económicos, as institucións financeiras e as empresas públicas do Estado cuxa competencia se estenda ao territorio da comunidade.

Artigo 80. *Institucións de crédito e aforro.*

A Comunidade de Castilla y León exercerá, en coordinación coas políticas do Estado, as competencias que lle correspondan en relación coas institucións de crédito e aforro, cos establecementos financeiros de crédito e co resto de entidades e institucións que conformen o sistema financeiro autonómico, cos obxectivos de fortalecemento do sistema financeiro de Castilla y León, cumprimento da súa función económica e social, fomento da súa participación nos obxectivos económicos estratéxicos da comunidade, protección dos dereitos e intereses dos usuarios, promoción do investimento na comunidade, vixilancia do cumprimento das normas de ordenación e disciplina, e protección da súa independencia, prestixio e estabilidade.

Artigo 81. *Consello Económico e Social.*

1. O Consello Económico e Social é un órgano colexiado de carácter consultivo e asesor en materia socioeconómica da Comunidade Autónoma de Castilla y León.

2. Unha lei da comunidade regulará a súa composición, organización e funcionamento.

CAPÍTULO II

Facenda

Artigo 82. *Principios da Facenda da comunidade.*

1. A Facenda da comunidade inspirarase nos principios de autonomía financeira, suficiencia, equidade, solidariedade, transparencia, economía e eficiencia.

2. A Comunidade de Castilla y León ten autonomía financeira para desenvolver e executar as súas competencias. A autonomía financeira da comunidade e demais principios que inspiran a Facenda da Comunidade exercense conforme o previsto na Constitución, neste estatuto e na Lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución, respectando os principios de coordinación coas facendas estatal e local e de solidariedade entre todos os españois.

3. A Comunidade de Castilla y León e as institucións que a compoñen gozan de idéntico tratamento fiscal que o establecido polas leis para o Estado.

Artigo 83. *Relacións da Facenda da Comunidade coa Facenda do Estado.*

1. A Comunidade Autónoma de Castilla y León disporá dos recursos suficientes para atender de forma estable e permanente a xestión e o desenvolvemento das súas competencias. A Comunidade Autónoma de Castilla y León velará por que, nos termos dos artigos 138 e 139 da Constitución española, o Estado garanta a realización efectiva dos principios de igualdade e solidariedade e o equilibrio económico das diversas comunidades autónomas, sen que as diferenzas entre os seus estatutos e competencias poidan implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais en prexuízo de Castilla y León.

2. A Comunidade Autónoma de Castilla y León participará nos mecanismos de nivelación que se deseñen no marco do sistema xeral de financiamento.

3. No marco do establecido no artigo 158.2 da Constitución, a Comunidade Autónoma de Castilla y León participará no fondo de Compensación Interterritorial de acordo co que estableza a súa normativa reguladora.

4. A Comunidade Autónoma de Castilla y León velará por que se garanta o establecemento dun equilibrio económico, axeitado e xusto entre as diversas partes do territorio español, previsto no artigo 138 da Constitución e participará nos mecanismos que se establezan para facer efectivo este principio, conforme a súa normativa reguladora.

5. De acordo co principio de lealdade institucional, valorarase o impacto financeiro, positivo ou negativo, que as disposicións xerais e medidas adoptadas polo Estado teñan sobre a Comunidade de Castilla y León ou as adoptadas pola comunidade autónoma teñan sobre o Estado, nun período determinado, en forma dunha variación das necesidades de gasto ou de capacidade fiscal, coa finalidade de establecer os mecanismos de axuste necesarios para evitar calquera tipo de prexuízo á suficiencia financeira da comunidade, ao desenvolvemento das súas competencias ou ao seu crecemento económico.

Ambas as dúas administracións facilitaranse mutuamente o acceso á información estatística e de xestión necesaria para o mellor exercicio das súas respectivas competencias, nun marco de cooperación e transparencia.

6. Para determinar o financiamento que dentro do sistema de financiamento das comunidades autónomas lle corresponde á Comunidade de Castilla y León ponderaranse axeitadamente os factores de extensión territorial, dispersión, baixa densidade e envellecemento da poboación da comunidade.

7. A Facenda de Castilla y León participará, sempre que se estableza no sistema xeral de financiamento, na suficiencia do financiamento das comunidades autónomas en termos dinámicos.

8. Para a fixación dos investimentos do Estado en Castilla y León en infraestruturas, terase en consideración, con carácter prioritario, a superficie do territorio da comunidade e incorporaranse criterios de equilibrio territorial a favor das zonas máis desfavorecidas.

Artigo 84. *Recursos financeiros.*

A Facenda da Comunidade constitúese con:

- a) Os rendementos dos seus tributos propios.
- b) Os rendementos dos tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado a que se refire a disposición adicional primeira e de todos aqueles cuxa cesión sexa aprobada polas Cortes Xerais.
- c) As asignacións con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- d) As recargas sobre impostos estatais.
- e) As transferencias procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial, de acordo coa súa normativa reguladora.
- f) Os ingresos procedentes da Unión Europea.
- g) Os ingresos procedentes doutros organismos nacionais e internacionais.
- h) O produto da emisión de débeda e o recurso ao crédito.
- i) Os rendementos do patrimonio da comunidade autónoma e os demais ingresos de dereito privado.
- j) O produto das multas e sancións no ámbito da súa competencia.
- k) Calquera outro tipo de recursos que lle correspondan, en virtude do disposto nas leis.

Artigo 85. *Outros recursos.*

A comunidade autónoma e as entidades locais afectadas participarán nos ingresos correspondentes aos tributos que o Estado poida establecer para recuperar os custos sociais producidos por actividades contaminantes ou xeradoras de riscos de especial gravidade para o medio, na forma que estableza a lei creadora do gravame.

Artigo 86. *Organización e competencias da Facenda da comunidade.*

1. As competencias normativas e as competencias de xestión, liquidación, recadación e inspección dos tributos cuxo rendemento estea cedido á Comunidade de Castilla y León, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión dos devanditos tributos, exercense nos termos fixados na lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución, sen prexuízo da colaboración que se poida establecer coa Administración do Estado no ámbito previsto pola lei que fixe o alcance e condicións da cesión.

2. As funcións de aplicación dos tributos propios da comunidade e as que, no marco da Lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución española, se atribúan á Comunidade de Castilla y León en materia de tributos cedidos, total ou parcialmente, serán exercidas polos órganos ou entes públicos que a comunidade estableza en cada momento.

3. Para tal fin, poderase crear por lei das Cortes un organismo con personalidade xurídica propia para a xestión, recadación, liquidación, inspección e revisión dos tributos propios e cedidos. En todo caso, a Administración tributaria do Estado e a da comunidade fomentarán os medios de colaboración e coordinación que consideren oportunos, en especial cando así o exixa a natureza do tributo.

Artigo 87. Débeda pública e crédito.

1. A Comunidade Autónoma de Castilla y León poderá concertar operacións de endebedamento para financiar gastos de investimento nos termos que autorice a correspondente lei das Cortes de Castilla y León.

2. O volume e características das operacións estableceranse de acordo co ordenamento xeral da política crediticia e en coordinación co Estado.

3. Os valores emitidos terán a consideración de fondos públicos para todos os efectos.

4. Igualmente poderá concertar operacións de crédito por prazo inferior a un ano co obxecto de cubrir as súas necesidades transitorias de tesouraría.

5. O establecido nos puntos anteriores axustarase ao disposto na Lei orgánica prevista no artigo 157.3 da Constitución.

Artigo 88. Patrimonio.

1. O patrimonio da Comunidade Autónoma de Castilla y León estará integrado por todos os bens de que ela sexa titular, estean ou non adscritos a algún servizo ou uso público da comunidade e calquera que sexa a súa natureza e o título de adquisición.

2. Unha lei das Cortes de Castilla y León regulará o réxime xurídico do patrimonio da comunidade autónoma, así como a súa administración, conservación e defensa.

Artigo 89. Orzamentos.

1. Os orzamentos xerais da comunidade constituirán a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer e dos dereitos que prevegan liquidar durante o correspondente exercicio. Terán carácter anual e incluírán a totalidade dos gastos e ingresos dos organismos e entidades que a integran, e neles consignarase o importe dos beneficios fiscais que afecten os tributos atribuídos á Comunidade de Castilla y León.

2. Corresponderalle á Xunta de Castilla y León a elaboración dos orzamentos de Castilla y León e ás Cortes de Castilla y León o seu exame, emenda, aprobación e control. A Xunta presentará o proxecto de orzamentos ás Cortes de Castilla y León antes do 15 de outubro de cada ano. Se non fose aprobado antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, quedarán automaticamente prorrogados os do ano anterior ata a aprobación do novo.

3. Os orzamentos da comunidade presentaranse equilibrados, orientaranse ao cumprimento dos obxectivos de política económica, cumpriran os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o exercicio polos principios e a normativa estatal, e a súa elaboración e xestión efectuarase con criterios homoxéneos aos do Estado, de forma que sexa posible a súa consolidación.

4. A elaboración dos orzamentos da comunidade poderase enmarcar nun escenario económico plurianual compatible co principio de anualidade polo que se rexe a aprobación e execución orzamentaria.

5. A contabilidade da comunidade adaptarase ao Plan xeral de contabilidade pública que se estableza para todo o sector público.

Artigo 90. Consello de Contas.

1. O Consello de Contas, dependente das Cortes de Castilla y León, realizará as funcións de fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable do sector público da comunidade autónoma e demais entes públicos de Castilla y León, sen prexuízo das competencias que lle corresponden ao Tribunal de Contas de acordo coa Constitución.

2. Unha lei das Cortes regulará as súas competencias, organización e funcionamento.

TÍTULO VII**Reforma do estatuto****Artigo 91. Procedemento.**

A reforma deste Estatuto de autonomía axustarase ao seguinte procedemento:

1. A iniciativa da reforma ante as Cortes de Castilla y León corresponderá a unha terceira parte dos seus membros ou á Xunta de Castilla y León.

2. A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación das Cortes de Castilla y León por maioría de dous terzos e a posterior aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica.

3. Aprobada a proposta de reforma polas Cortes de Castilla y León, remitirase ao Congreso dos Deputados. As Cortes de Castilla y León elixirán de entre os seus membros unha delegación para participar na tramitación da proposta no seo dunha comisión mixta paritaria constituída de acordo co procedemento que preveña o Regulamento do Congreso dos Deputados.

4. As Cortes de Castilla y León poderán retirar coa maioría cualificada que determine o seu regulamento a proposta de reforma en calquera momento da tramitación nas Cortes Xerais antes de que sexa aprobada de forma definitiva. Neste caso non será de aplicación o disposto no punto seguinte.

5. Se a proposta de reforma non é aprobada polas Cortes de Castilla y León ou polas Cortes Xerais, non poderá ser sometida novamente a debate e votación daquelas ata que transcorrese, polo menos, un ano.

Disposición adicional primeira. Tributos cedidos.

1.º Cédeselle á Comunidade de Castilla y León o rendemento dos seguintes tributos:

1.º Imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial.

2.º Imposto sobre o patrimonio.

3.º Imposto sobre sucesións e doazóns.

4.º Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

5.º Os tributos sobre o xogo.

6.º O imposto sobre o valor engadido, con carácter parcial.

7.º O imposto especial sobre a cervexa, con carácter parcial.

8.º O imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas, con carácter parcial.

9.º O imposto especial sobre produtos intermedios, con carácter parcial.

10.º O imposto especial sobre o alcohol e bebidas derivadas, con carácter parcial.

11.º O imposto especial sobre hidrocarburos, con carácter parcial.

12.º O imposto especial sobre os elaborados do tabaco, con carácter parcial.

13.º O imposto especial sobre a electricidade.

14.º O imposto especial sobre determinados medios de transporte.

15.º Imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos.

2. O contido desta disposición poderase modificar mediante acordo do Goberno coa comunidade, que será tramitado polo Goberno como proxecto de lei. Para estes efectos, non se considerará reforma de estatuto a modifi-

cación desta disposición nin a modificación ou supresión de calquera dos recursos mencionados nela.

3. O alcance e condicións da cesión establecerá a Comisión Mixta a que se refire a disposición transitoria primeira que, en todo caso, as referirá a rendementos na comunidade autónoma.

Disposición adicional segunda. *Converxencia interior.*

No exercicio das súas competencias, a Xunta de Castilla y León elaborará un plan plurianual de converxencia interior co obxectivo de eliminar progresivamente os desequilibrios económicos e demográficos entre as provincias e territorios da comunidade.

Sobre a proposta do dito plan informarase a Comisión de cooperación prevista no artigo 59 deste Estatuto de autonomía co fin de coordinar as actuacións de ambas as dúas administracións.

O devandito plan será sometido á aprobación das Cortes de Castilla y León.

Disposición adicional terceira. *Medios de comunicación públicos.*

1. A Comunidade de Castilla y León poderá dispoñer de medios de comunicación social de titularidade e xestión pública, incluíndo unha canle de televisión. Unha lei das Cortes regulará a organización e o seu control parlamentario.

2. Os medios de comunicación de titularidade pública promoverán especialmente na súa programación os valores esenciais da identidade de Castilla y León recoñecidos no artigo 4 deste estatuto e os dereitos e principios reitores recoñecidos no título I.

Disposición transitoria primeira. *Comisión Mixta.*

1. Co fin de lle transferir á comunidade as competencias, atribucións e funcións que lle corresponden segundo este estatuto, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada por representantes da Administración do Estado e da comunidade; estes últimos elixidos polas Cortes de Castilla y León por un procedemento que asegure a representación das minorías. Tales representantes darán conta periodicamente das súas xestións ás Cortes de Castilla y León.

2. Os acordos da comisión mixta adoptarán a forma de proposta ao Goberno, que os aprobará mediante real decreto, figurando aqueles como anexos a este, e publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial de Castilla y León».

3. A transferencia de servizos operará de pleno dereito a subrogación da comunidade autónoma nas relacións xurídicas referidas aos ditos servizos en que fose parte o Estado. Así mesmo, a transferencia de servizos implicará a das titularidades que sobre eles recaían e as dos arquivos, documentos, datos estatísticos e procedementos pendentes de resolución. O cambio de titularidade nos contratos de arrendamentos de locais afectos aos servizos que se transfiran non dará dereito ao arrendador a extinguir ou modificar o contrato.

4. Os funcionarios adscritos a servizos de titularidade estatal ou a outras institucións públicas que resulten afectados polos traspasos pasarán a depender da comunidade, séndolles respectados todos os dereitos de calquera orde e natureza que lles correspondan no momento do traspaso, mesmo o de participar nos concursos de traslados que convoque o Estado en igualdade de condicións cos restantes funcionarios.

5. Para preparar os traspasos e para verificalos por bloques orgánicos de natureza homoxénea, a Comisión Mixta de Transferencias estará asistida por comisións sectoriais de ámbito nacional, agrupadas por materias, cuxo

labor fundamental será determinar, coa representación da Administración do Estado, os traspasos de competencias e de medios persoais, financeiros e materiais que deba recibir a comunidade autónoma.

6. As comisións sectoriais trasladarán as súas propostas de acordo á comisión mixta, que as deberá ratificar.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación transitoria da lexislación estatal.*

Mentres as Cortes Xerais non elaboren as leis a que se refiren a Constitución e este estatuto, e as de Castilla y León lexislen sobre as materias da súa competencia, continuarán en vigor as actuais leis e disposicións do Estado que se refiren ás ditas materias, sen prexuízo de que o seu desenvolvemento lexislativo, se é o caso, e a súa execución, os leve a cabo a comunidade autónoma nos supostos previstos neste estatuto.

Disposición transitoria terceira. *Segregación de enclaves.*

1. Para que un territorio ou municipio que constituía un enclave pertencente a unha provincia integrada na Comunidade Autónoma de Castilla y León se poida segregar desta e se incorporar a outra comunidade autónoma, será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Solicitud de segregación, formulada por todos os concellos interesados, mediante acordo adoptado co voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta dos membros de cada unha das ditas corporacións.

b) Informes da provincia a que pertenza o territorio, municipio ou municipios que se van segregar e da Comunidade Autónoma de Castilla y León, favorables a tal segregación, á vista das maiores vinculacións históricas, sociais, culturais e económicas coa comunidade autónoma a que se solicite a incorporación. Para tal efecto, a Comunidade Autónoma de Castilla y León poderá realizar enquisas e outras formas de consulta co obxecto de chegar a unha máis motivada resolución.

c) Referendo entre os habitantes do territorio, municipio ou municipios que pretendan a segregación, aprobado por maioría dos votos válidos emitidos.

d) Aprobación polas Cortes Xerais, mediante lei orgánica.

2. En todo caso, o resultado deste proceso quedará pendente do cumprimento dos requisitos de agregación exixidos polo estatuto da comunidade autónoma a que se pretende a incorporación.

Disposición derogatoria.

No momento da entrada en vigor deste Estatuto de autonomía quedarán derogadas cantas disposicións de rango igual ou inferior se opoñan a este.

Disposición derradeira.

Este estatuto entrará en vigor o mesmo día en que se publique a Lei orgánica da súa aprobación polas Cortes Xerais no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO